Para certificar a autenticidade das sesións celebradas por medios electrónicos e garantir a seguridade do ficheiro xerado, poderanse obter uns *hash* ou pegadas dixitais que permitan identificar de forma inequívoca o ficheiro de gravación audiovisual da sesión telemática, asinar e selar electronicamente as evidencias obtidas, incorporar unha serie de metadatos á gravación audiovisual, custodiar o ficheiro da gravación audiovisual e as súas evidencias de forma segura, ou outras operacións de índole similar.

Artigo 85. Sistema de identificación dos asistentes.

Para a válida constitución e celebración das sesións dos órganos Colexiados a distancia a través de medios electrónicos e telemáticos, os membros que participen nestas sesións deberán atoparse en territorio español e quedar acreditada a súa identidade. Para iso, acreditarase a identidade de cada un dos asistentes mediante o acceso á sede electrónica con certificado electrónico ou calquera outro medio que permita a correcta identificación.

Artigo 86. Desenvolvemento da sesión.

Fixada a hora de inicio da sesión, os membros que participen nas mesmas deberán estar dispoñibles dez minutos antes, co fin de que por parte de Secretaría se constate a identidade dos asistentes e o quórum necesario para o desenvolvemento da sesión. Este quórum deberá manterse durante toda a sesión polo que deberá darse fe da identidade dos membros por parte da Secretaría. Constatado o quórum pola Alcaldía iniciará a sesión.

A Alcaldía tomará a palabra ao comezo de cada punto, moderando a quenda de intervencións e cedendo á súa vez a palabra aos concelleiros/as que así o soliciten de forma inequívoca, a fin de que se desenvolva o debate con normalidade de acordo coas regras xerais reguladoras do desenvolvemento dos Plenos.

Durante toda a sesión, deberase asegurar a comunicación entre os membros participantes en tempo real, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso.

No caso de que, durante o transcurso da sesión, a comunicación para algún dos

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

asistentes véxase interrompida por fallos técnicos, considerarase como abandono do salón de sesións da Casa do concello. Non obstante, poderanse presentar dúas situacións:

1. Desconexión puntual:

Se a falta de conexión é puntual, de forma que se perde, pero recupérase pasados uns instantes, por parte de Secretaria consignarase na acta esta situación, con indicación da hora á que se produce a ausencia virtual da sesión e a hora a que se produce o reingreso. Así, poderanse dar diferentes escenarios atendendo ao momento exacto no que se produce a desconexión:

a) Si se produce a desconexión unha vez iniciado o punto da orde do día e recupérase unha vez iniciada a votación, o asistente á sesión non poderá votar, polo que computará o seu voto como abstención. Ademais, apuntarase na acta que a incorporación á sesión ten lugar despois de celebrada a votación.

b) Si se produce a desconexión unha vez iniciado o punto da orde do día e recupérase unha vez finalizada a votación, o voto do asistente á sesión tamén computará como abstención.

c) Se se produce a desconexión unha vez iniciada a votación, se o asistente á sesión votou, cabe entender que o seu voto é válido, se non votou, computará como abstención.

d) Se se produce a desconexión unha vez iniciado o punto da orde do día e recupérase durante o transcurso de varios puntos da orde do día despois, no punto en que se produce a desconexión, o voto do asistente á sesión computará como abstención. Nos puntos nos que perdure desconectado, nin votará nin computará o seu voto, simplemente permanecerá como ausente, sendo a votación o resultado dos votos favorables, contrarios e abstencións dos asistentes.

e) Cando se recupere a conexión, ingresarse na sesión no punto da orde do día en que esta se atope. Se non se comezou aínda a votación, poderá votar con toda normalidade. Se comezou a votación, o asistente á sesión non poderá votar, pero computará como abstención, indicándose na acta que a incorporación á sesión ten lugar despois de celebrada a votación

2. Desconexión definitiva:

A desconexión definitiva equiparase ao abandono definitivo da sesión. Neste caso, poderanse presentar os seguintes escenarios:

a) Se a desconexión prodúcese unha vez iniciado un punto da orde do día e xa non se recupera, indícarase na acta. En canto á votación dese punto, computará como abstención. No resto dos puntos, non computará a votación.

b) Se a desconexión prodúcese unha vez acabado un punto da orde do día, pero antes de iniciarse o seguinte, e xa non se recupera, igualmente reflectirase na acta sen que compute desde ese momento, a ningún efecto.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Artigo 87. Sistema de emisión do voto.

O sistema de emisión do voto será o ordinario de man alzada. Para que poida garantirse o sentido do voto das decisións que se traten nas sesións, e ao obxecto de que non se produzan erros técnicos, por parte da Alcaldía preguntárase o sentido do seu voto (a favor, en contra ou abstención) e anunciarase o resultado da votación (aprobado por x votos a favor, x votos en contra e x abstencións) deixando uns segundos para que os membros da Corporación poidan asentir ou discrepar do anunciado. Se algún membro da Corporación entende que non é correcto o resultado anunciado poderá intervir para poñelo de manifesto, en caso contrario, entenderase que están de acordo co resultado da votación anunciado.

Por parte de secretaría comprobarase que é correcta a votación e deixarase constancia diso na acta.

Durante todo o proceso de votación, deberá garantirse a autenticidade do voto e a liberdade para emitilo.

CAPITULO SEGUNDO. ACTA E PUBLICIDADE DÁ SESION

Artigo 88. Acta da sesión por medios electrónicos.

Na acta da sesión deberase facer constar a xustificación desta modalidade de sesión por algunha das circunstancias que o permiten. Igualmente, farase constar a xustificación da omisión da indicación de lugar de celebración.

As intervencións que se produciron na sesión polos cargos públicos e funcionarios/as poderán ser integramente recollidas en soporte videográfico. A gravación en vídeo das sesións conterá todo o ocorrido na sesión ou reunión, contendo audio e imaxes. Este documento recolle a literalidade das intervencións de cada membro e intégrase no documento electrónico de forma enlazada.

Por parte de Secretaría deberase levantar acta co contido do artigo 73 do presente regulamento.

A esta Acta poderase incorporar:

- Ficheiro da gravación da sesión celebrada.
- Certificado do secretario da autenticidade e integridade do mesmo.
- Outros documentos en soporte electrónico.

Estes ficheiros deberán conservarse de forma que se garanta a integridade, a autenticidade e o acceso aos mesmos.

Artigo 89. Do carácter público das sesións.

Para dar cumprimento ao carácter público das sesións, estas poderán ser retransmitidas en streaming para a cidadanía a través da sede electrónica do Concello e nas redes sociais do municipio.

TITULO V. FUNCIONAMENTO DOS ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS DO CONCELLO

CAPÍTULO PRIMEIRO. AS COMISIÓNS INFORMATIVAS

Artigo 90. Celebración das sesións.

As Comisións Informativas celebrarán sesións ordinarias coa periodicidade que se

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

acorde polo Pleno no momento en que se constitúan, nos días e horas que estableza o Alcalde ou Alcaldesa, ou o/a Presidente/a da Comisión, quen poderá, así mesmo, convocar sesións extraordinarias ou urxentes das mesmas. O/a Alcalde/Alcaldesa ou o/a Presidente/a da Comisión estará obrigado/a a convocar sesión extraordinaria cando o solicite a cuarta parte, polo menos, dos/as membros da Comisión. Réxese neste suposto polas mesmas normas que para a celebración dunha sesión extraordinaria do Pleno.

As sesións celebraranse no salón de sesións municipal.

A convocatoria e a orde do día deberán ser notificados aos/ás membros da Comisión, mediante comunicación por correo electrónico, se é que manifestaron tal medio como a canle elixida para tal notificación e co cumprimento dos requisitos legalmente esixidos.

Artigo 91. Quórum.

A válida celebración das sesións require a presenza da maioría absoluta dos/as compoñentes da Comisión, xa sexan titulares ou suplentes, en primeira convocatoria e un mínimo de tres membros en segunda convocatoria unha hora máis tarde.

O/a Presidente/a dirixe e ordena, ao seu prudente arbitrio, respectando os principios xerais que rexen os debates plenarios, os debates da Comisión.

Os Ditames aprobaranse sempre por maioría simple dos presentes, decidindo os empates o/a Presidente/a, pois conta con voto de calidade.

Artigo 92. Alcance das competencias.

Ningunha Comisión poderá deliberar sobre asuntos competencia doutra, a menos que se trate de problemas comúns, nese caso poderá convocarse unha sesión conxunta a proposta dos/as Presidentes/as das respectivas Comisións, convocándose polo/a Presidente/a da Corporación.

Artigo 93. Acta das sesións.

De cada sesión das Comisións Informativas levantarase Acta na que consten os extremos a que se refiren os apartados a), b), c), d), e), g), h), e j) do Artigo 73 do presente Regulamento, e á que se acompañarán os Ditames que fosen aprobados e os votos particulares que fosen formulados a aqueles.

Artigo 94. Publicidade as sesións.

Non son públicas as sesións das Comisións Informativas.

Artigo 95. Réxime supletorio.

En todo o non previsto para o funcionamento das Comisións Informativas serán de

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

aplicación as disposicións sobre funcionamento do Pleno.

CAPÍTULO SEGUNDO. REGLAS ESPECIAIS DE FUNCIONAMENTO DOS DEMAIS ÓRGANOS COMPLEMENTARIOS COLEXIADOS

Artigo 96 Outros órganos colexiados (Xuntas de Distrito, Consellos Sectoriais, etc.).

O funcionamento das Xuntas de Distrito réxese polas normas que acorde o Pleno, a través do Regulamento que as regule, e inspirarase nas normas reguladoras do funcionamento do Pleno, que rexerán en todo caso de maneira supletoria.

O funcionamento dos Consellos Sectoriais rexerase polo disposto nos Acordos plenarios que os establezan.

O funcionamento dos órganos colexiados dos Entes descentralizados de xestión rexerase polo que dispoña a Lexislación en materia de formas de xestión de servizos, segundo a súa natureza específica.

TÍTULO VI. ESTATUTO DA VECIÑANZA

Artigo 97. Dereitos e deberes dos veciños e veciñas.

Son dereitos e deberes da veciñanza:

- Ser elector/a e elexible de acordo co disposto na Lexislación electoral.
- Participar na xestión municipal de acordo co disposto nas Leis e, no seu caso, cando a colaboración con carácter voluntario dos veciños sexa interesada polos Órganos de Goberno e Administración Municipal.
- Utilizar, de acordo coa súa natureza, os servizos públicos municipais, e acceder aos aproveitamentos comunais, conforme ás normas aplicables.
- Contribuír mediante as prestacións económicas e persoais legalmente previstas á realización das competencias municipais.
- Ser informado previa petición razoada e dirixir solicitudes á Administración Municipal en relación con todos os expedientes e documentación municipal, de acordo co previsto no Artigo 105 da Constitución.
- Pedir a consulta popular nos termos previstos na Lei.
- Esixir a prestación e, no seu caso, o establecemento do correspondente servizo público, no suposto de constituír unha competencia municipal propia de carácter obrigatorio.
- Exercer a iniciativa popular nos termos previstos no Artigo 70.bis da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Aquel outros dereitos e deberes establecidos nas Leis.

Artigo 98. Participación cidadá na actividade municipal

O Concello facilitará información sobre a súa actividade e promoverá a participación de todos os cidadáns e cidadás na vida local.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Os veciños poderán intervir nas sesións ordinarias do Pleno da Corporación mediante rogos e preguntas aos membros da Corporación, que serán formulados unha vez levantada a sesión sempre que o soliciten por escrito cunha antelación mínima de cinco días hábiles á data de celebración da sesión ordinaria na que pretente exponerse o rogo ou a pregunta.

O número de intervencións en cada Pleno ordinario non poderá ser superior a cinco, atendéndose ao orde de presentación de solicitudes. Sólo admitirase un rogo ou pregunta por solicitante. No caso de que se formularsen varios rogos ou preguntas nunha mesma solicitude, se atenderá unicamente á primeira das formuladas.

Os rogos e preguntas serán breves e concretos e deberán referirse a cuestións relativas a asuntos de interese municipal. Cada rogo ou pregunta deberá ser exposto por unha única persoa. No caso de corresponder a un colectivo, intervendrá no seu nome e representación un único representante do mesmo.

Non se permitirán expresións descalificadoras, ofensivas ou injuriosas hacia persoas ou entidades, correspondendo á Presidencia, no seu caso, a potestade de retirar o uso da palabra.

Podrán rexeitarse os rogos e preguntas que poidan formularse a través doutros canles máis apropiados, os que non se refiran a asuntos de interese municipal, os que por motivos técnicos teñan que ser contestados por escrito e os xenéricos ou indeterminados. Estas circunstancias se pondrán en coñecemento dos interesados antes da celebración da sesión plenaria. A aceptación o rexeitamento das solicitudes de intervención corresponderá á alcaldía.

Cando unha solicitude de intervención sexa aceptada ou rexeitada non se poderá presentar outra sobre o mesmo tema nun prazo dun ano, excepto que sexa complementada con novos datos de relevancia.

Na páxina web municipal se publicarán os rogos e preguntas presentados no turno de rogos e preguntas dos cidadáns así como as respostas recibidas dos membros da Corporación.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

Quedan derogadas cantas normas municipais, Acordos ou disposicións, contradigan o establecido no presente Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente Regulamento entrará en vigor a partir da súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

non producirse alegacións, o regulamento se considerará definitivamente aprobado."

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcaldesa explica que este regulamento é unha ferramenta importante para o bo funcionamento do Concello, que o ano pasado xa falamos del cando por motivo desta nova situación tivemos que interromper os plenos. Facilitámoslle una copia aos distintos grupos políticos e tiveron uns días para presentar alegacións e propostas.

O voceiro do grupo PP di que a aprobación inicial do regulamento orgánico do Concello de Guitiriz tráese case 5 anos despois de iniciar o expediente. O partido popular de Guitiriz con data 3 de novembro de 2016 presentou varias emendas ou observacións como as que imos a indicar nos seguintes artigos:

No "artigo 7 . Honras, Prerrogativas e Distincións" hai un apartado que non ten na que ver con este artigo, (os concelleiros/as electos/as facilitaran a dirección de correo electrónico). Nós pensamos que o que acabo de mencionar deber formar parte doutro artigo, pois pensamos que as honras, prerrogativas e distincións non teñen nada que ver con isto.

No "artigo 8. Asistencia e Votación" (as ausencias dos/as membros da Corporación do termo municipal que sexan superiores a oito días deberán comunicarse ao Alcalde, facéndoo por escrito, ben persoalmente ou por medio do Portavoz do Grupo Político) e nós acordamos que o faremos a través do noso portavoz.

No "artigo 14.Desenvolvemento das actividades" (os distintos grupos políticos disporán dun despacho ou local para reunirse de maneira independente e recibir visitas de cidadáns e cidadás, e o/a Presidente/a ou o/a membro da Corporación responsable da área de Réxime Interior poñerán á súa disposición, cando as dispoñibilidades o permitan, unha infraestrutura mínima de medios materiais e persoais. Será o Alcalde o competente para autorizar aquelas.).

Isto recólleo o regulamento orgánico do Concello de Guitiriz pero tamén no ROF no artigo 17 "todos os concelleiros/as da corporación municipal disporán no consistorio dunha caixa de correos para a súa correspondencia oficial interior e a de procedencia externa". Supoño que vostede esta ao tanto disto e non vén reflectido neste regulamento.

No "artigo 59. Regras de intervencións", referente as intervencións de 5 minutos na primeira quenda, nós deixamos nas nosas alegacións que nos parecía pouco tempo e igualmente os tres minutos para a segunda quenda. Neste artigo tampouco se tivo en conta a nosa proposta e con respecto ao tempo pensamos o seguinte: para a primeira quenda ata 7 minutos de comparecencia e para a segunda quenda ata 5 minutos. A maioría das veces non van ser nin 7 minutos nin 5 e seguramente na segunda quenda ningún.

No "artigo 62. Intervencións dos/as membros da Corporación Local", sorpréndenos que consten as alegacións de outros grupos políticos que hoxe non existen na corporación municipal e que as emendas e alegacións do partido popular de Guitiriz presentadas a tempo, o 3 de novembro de 2016, case fai cinco anos, non so non se tiveron en conta sinon que non se contestasen co debido formalismo de cortesía que ten que haber nunha administración.

O voceiro do grupo BNG di que o día 17 de febreiro recibimos o borrador deste regulamento orgánico municipal que vai servir para regular o funcionamento dos órganos colexiados e grupos políticos municipais. Tivemos de prazo ata o 3 de marzo para presentar as suxestións oportunas, o BNG presentou tres, aínda que non se tiveron en conta ao pé da letra si as mellorou, o texto inicial marcaba unha moción por pleno e o BNG propuxo dúas e foi aceptada, propoñía un máximo de tres rogos por pleno e aumentaron a cinco e o BNG propuxo un máximo de oito, nas preguntas o texto inicial propoñía cinco e melloramos a oito,

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

aínda ca proposta do BNG era un máximo de quince.

Non era o que queríamos pero algo se mellorou, non só melloramos os grupos de oposición, en canto a iniciativas e cuestións que podemos levar ao Pleno, senón que saen gañando todos os cidadáns do concello que verán aclaradas as cuestións que lles afectan directamente.

En setembro de 2019, o BNG propuxo gravar os Plenos e votaron en contra e agora parece que recapacitan e danse conta que é transparencia e moita máis información para a veciñanza. Tamén propuxemos que ao remate dos plenos as persoas asistentes puidesen facer preguntas e volven a darnos a razón, ningún alcalde/sa o permitiu ata o de agora.

A Sra. Alcaldesa di que este borrador achegóuselles o 17 de febreiro e tiveron ata o 3 de marzo para presentar suxestións e incluso na Comisión Informativa díxennles que si querían presentar algunha modificación puntual que nolo dixesen antes para poñermos de acordo. O que non me parece de recibo é que se envíe por correo un escrito que se presentou no concello no 2016, si tivesen interese en modificar algunha cousa no regulamento, houberen presentado un novo escrito con data de rexistro de agora.

En canto aos locais, eu persoalmente falei no seu momento, co portavoz do PP e do BNG para dicirlles que necesitabamos o local que había para os grupos políticos para que puidesen traballar os/as funcionarios/as, tanto o portavoz do PP como o do BNG manifestaron que non había ningún problema, que veñan agora con isto non ten ningún sentido.

Nós non tiñamos ningún problema en facer algunha modificación puntual en algún dos tempos ou no número de rogos, mocións ou preguntas, que foi o que fixemos coa proposta do portavoz do BNG. Decidimos poñer oito preguntas porque moitas veces nalgunha destas preguntas permítese re-preguntar, pero si a cuestión é poñer dez preguntas en lugar de oito non hai ningún problema en admitir esa modificación.

En canto a que o regulamento contemple o de gravar os Plenos é que cando votamos que “non” a esa proposta que vostede menciona a xente podía asistir a eles, xa que non había limitacións de aforo. Si que é verdade que todo este cambio prestase para unha nova forma de xestión e non temos problema en gravalos e transmitilos.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que nós o que fixemos foi volver a reenviar as cuestións que xa enviáramos en novembro de 2016 e que non se tiveron en conta. Dentro destas esta o “artigo 62. Intervención dos membros das corporacións locais” que é a o que lles enviou o concelleiro do BNG en marzo de 2021 a vostedes.

Non estamos a falar doutro regulamento, nós non nos saímos do regulamento posto que o mesmo que o do ano 2016, os artigos están denominados da mesma maneira, por exemplo pediamos tres mocións, cinco rogos e vinte preguntas.

O voceiro do grupo BNG di que é verdade que cando no 2016 fíxose o borrador do regulamento eramos cinco grupos políticos e agora somos tres, por iso intentamos mellorar os rogos, preguntas etc.

A Sra. Alcaldesa di que non hai ningún problema en incluír 10 preguntas en vez de 8. Entón quedaría dúas mocións, cinco rogos e dez preguntas.

O voceiro do grupo PP di se poden ser 7 rogos ao que lle responde a alcaldesa que non hai problema.

Sometida a emenda é aprobada por unanimidade, quedando o artigo 62 do seguinte teor literal:

“Artigo 62. Intervencións dos/las membros da Corporación Local

A terminoloxía que para os efectos do desenvolvemento das sesións e para definir o carácter das intervencións dos/las membros da Corporación utilizarase será a seguinte:

- Ditame: é a proposta sometida ao Pleno tras o estudo do expediente pola Comisión

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Informativa. Contén unha parte expositiva e un Acordo para adoptar.

- Proposición: é a proposta que somete ao Pleno relativa a un asunto incluído na orde do día, que acompaña á convocatoria. Conterá unha parte expositiva ou xustificación e un acordo para adoptar.

- Moción: é a proposta que se somete a coñecemento do Pleno en exercicio das súas competencias por calquera dos grupos políticos integrantes do órgano. As mocións presentaranse sempre por escrito no Rexistro Xeral municipal con antelación suficiente para que poidan ser incluídas na orde do día do Pleno previo ditame da Comisión Informativa correspondente, salvo nos casos de urxencia debidamente motivada nos supostos de mocións con proposta de resolución. Exceptúanse de ser ditaminadas pola correspondente Comisión as mocións de mero contido ideolóxico, programático ou protocolario, que non implicarán acordo algún senón unha simple declaración formal ou de recoñecemento de feitos. No caso de que as mocións versen sobre asuntos que teñan que ser ditaminados, por implicar a adopción dun acordo plenario, deberán ser incluídas na orde do día da Comisión Informativa previa á sesión plenaria correspondente, en caso contrario terá que ser ratificada a urxencia da súa inclusión na orde do día do pleno, para o caso de que non se emitiu ditame previo. Conterán un parte expositiva xustificativa e unha proposta de resolución. As mocións que necesiten informes dos servizos municipais ou compromisos económicos e por tanto necesiten unha tramitación previa serán presentados con antelación suficiente á formación da orde do día, en caso contrario serán incorporadas á orde do día da seguinte sesión. A moción pode ser rexeitada polo Alcalde ou Alcaldesa cando verse sobre asuntos que non sexan competencia do Pleno ou sexa idéntica a unha presentada no último ano. As mocións poden ser emendadas por calquera concelleiro/a para modificar, engadir, suprimir ou substituír os termos nos que a mesma foi redactada. Se o/a propoñente da moción acepta a emenda inclúese aquela para os efectos da votación. Para tratar unha moción atenderase ao réxime xurídico aplicable ao debate establecido para os plenos en xeral. Poderán presentarse como máximo 2 mocións por grupo municipal e sesión, sen prexuízo das mocións urxentes que poidan incorporarse e tratarse se é aprobada a urxencia.

- Voto particular: é a proposta de modificación dun Ditame formulada por un membro que forma parte da Comisión Informativa. Deberá acompañar ao Ditame desde o día seguinte á súa aprobación pola Comisión.

- Emenda: é a proposta de modificación dun Ditame ou proposición presentada por calquera membro, mediante escrito presentado á Presidencia antes de iniciarse a deliberación do asunto.

- Rogo: é a formulación dunha proposta de actuación dirixida a algún dos Órganos de Goberno municipal. Os rogos formulados no seo do Pleno non poderán ser debatidos, só formulados polo proponente de forma sucinta e motivada e en ningún caso serán sometidos a votación. Poden expor rogos todos os membros da Corporación, ou os Grupos Municipais a través das súas Portavocías. Os rogos serán efectuados por escrito e serán sometidos xeralmente á sesión seguinte, sen prexuízo de que o poidan ser na mesma sesión que se formulen se o Alcalde ou Alcaldesa o estima convinte, e fosen presentados polo menos con dous días hábiles de antelación á celebración da sesión. Poderanse presentar como máximo 7 rogos por grupo municipal e sesión.

- Pregunta: é calquera cuestión exposta aos Órganos de Goberno no seo do Pleno. Poden expor preguntas todos os/as membros da Corporación, ou os Grupos Municipais a través das súas Portavocías tanto ao Alcalde ou Alcaldesa como aos concelleiros e

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

concelleiras que ostenten delegacións xerais ou especiais. As preguntas expostas oralmente no transcurso dunha sesión serán xeralmente contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta inmediata. As preguntas formuladas por escrito serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta inmediata. Así como regra xeral, as preguntas serán presentadas por escrito como mínimo un día antes da celebración da sesión correspondente, e serán contestadas ordinariamente na seguinte sesión sen prexuízo de que o/a preguntado/a queira darlle resposta na sesión inmediata. Non se admitirán preguntas sobre o exclusivo interese de quen a formula ou de calquera persoa singularizada ou as que supoñan consultas de índole estritamente xurídico, técnico ou económico. Na quenda de contestación ás preguntas non caberá ningunha intervención adicional á do/a preguntado/a, polo que non haberá lugar a debate algún. Poderanse presentar como máximo 10 preguntas por grupo municipal e sesión.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO). Expediente 307/2020.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A proposta de acordo, dictaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

"EXPEDIENTE Nº: 307/2020

ASUNTO: Expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO) (BOP nº 46 de 25/02/2012) .

Dona Marisol Morandeira Morandeira, Alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de alcaldía de data 12/03/2020 de incoación de expediente de modificación da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO) publicada no BOP de Lugo nº 46 de data 25/02/2012.

Visto o informe de secretaría 2021-0041, de data 09/03/2021.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais e Informe de intervención 2021-0052 de data 16/03//2021.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 4KW4YY246CHKTM62WRVZ5NY6P | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 49 a 90



Concello de Guitiriz

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49, 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 6 da ordenanza fiscal reguladora do Imposto de construcións, instalacións e obras (ICIO), que queda redactado da seguinte forma:

“ ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO).

ARTIGO 6. BONIFICACIÓN POTESTATIVAS.

De conformidade co establecido no artigo 103 da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécense as seguintes bonificacións na cota do Imposto, cando se cumpran os seguintes requisitos:

A) RAZÓN DE INTERÉS ESPECIAL OU UTILIDADE PÚBLICA MUNICIPAL SUSTANCIAIS.

A1.- CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS.

Construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins, cando concorran as circunstancias seguintes:

- o Inscripción da explotación agraria no REGA (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), que se corresponda co solicitante da licenza de obras ou comunicación previa de inicio de obras.*
- o Que o solicitante beneficiario sexa traballador autónomo, Cooperativa ou SAT formadas exclusivamente por persoas físicas.*

En ningún caso se aplicará esta bonificación ás construcións, instalacións e obras de vivendas asociadas á explotación, xa se refiran tanto a novas construcións como ao mantemento das existentes.

A bonificación poderá ser, motivada, de hasta o 90% da cota do imposto, en función da importancia económica e social de cada caso concreto, e da capacidade económica do Concello en orde o seu equilibrio orzamentario.

A2.- CIRCUNSTANCIAS CULTURAS E HISTÓRICO-ARTÍSTICAS

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Obras de rehabilitación de edificios ou elementos protexidos polo Plan Xeral de Ordenación do Concello de Guitiriz.

A bonificación será do 75% da cota do imposto.

A3.- CIRCUNSTANCIAS DE FOMENTO DO EMPREGO

Construcións, instalacións ou obras realizadas en locais ou parcelas nas que se estableza a actividade xeradora dos postos de traballo e da cal o suxeito pasivo sexa titular, sendo necesario que o seu domicilio fiscal se atope no Concello de Guitiriz e permaneza no mesmo durante un período de 6 anos, cando concorran as seguintes circunstancias:

1. *Se a construción, instalación ou obra se leva a efecto ampliando as instalacións, locais ou fábricas existentes, o outorgamento da bonificación estará condicionado ao aumento do cadro de persoal en relación co existente na porcentaxe que se indica a continuación, e coa bonificación que se sinala:*
 - a. *Aumento do cadro de persoal, en relación co existente no ano anterior á data de solicitude, entre un 10% e un 20% de traballadores indefinidos: a bonificación será do 30% da cota do imposto.*
 - b. *Aumento do cadro de persoal, en relación co existente no ano anterior á data de solicitude, nunha porcentaxe por encima do 20% e ata o 30% de traballadores indefinidos: a bonificación será do 40% da cota do imposto.*
 - c. *Aumento do cadro de persoal, en relación co existente no ano anterior á data de solicitude, nunha porcentaxe por encima do 30% de traballadores indefinidos: a bonificación será do 50% da cota do imposto.*
2. *Se a construción, instalación ou obra é de nova planta, o outorgamento da bonificación estará condicionado á contratación dun número de traballadores con contrato indefinido que se sinala a continuación, con expresión da bonificación, en cada caso:*
 - a. *Contratación dun número de traballadores indefinidos, entre 3 e 10: bonificación dun 40% na cota do imposto.*
 - b. *Contratación dun número de traballadores indefinidos, entre 10 e 25: bonificación dun 50% na cota do imposto.*
 - c. *Contratación dun número de traballadores indefinidos, entre 25 e 40: bonificación dun 60% na cota do imposto.*
 - d. *Contratación dun número de traballadores indefinidos, superior a 40: bonificación dun 75% na cota do imposto.*

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

A4.- CIRCUNSTANCIAS SOCIAIS, CULTURAI, HISTÓRICO ARTÍSTICAS OU DE FOMENTO DO EMPREGO, DE SUPOSTOS SOLICITADOS E PROMOVIDOS POR ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS (AAPP).

Construcións, instalacións ou obras destinadas a servizos ou actividades públicas, contratadas por Administracións ou entes do Sector Público. A bonificación será de ata o 50% da cota do imposto.

Para decidir a porcentaxe concreta, o Pleno valorará as consideracións de todo tipo que presente a Administración ou Ente Público solicitante, no marco do artigo 103 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, no que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e o disposto no presente artigo.

Neste sentido, e sendo de exclusiva aplicación para este apartado, so poderá solicitarse, e en calquera momento, a bonificación por suxeito pasivo contribuínte, e nunca polo substituto do contribuínte. Estas singularidades en orde á bonificación deste apartado A4, non alterna os demais aspectos formais e materiais da posición e obrigas do substituto do contribuínte.

B) OUTRAS BONIFICACIÓNS POTESTATIVAS.

1. Unha bonificación do 50% da cota, a favor das construcións, instalacións ou obras referentes ás vivendas de protección oficial, ó amparo do previsto no artigo 103.2.d) da Lei de Facendas Locais, cando se acredite, mediante a correspondente cualificación outorgada polo Órgano competente da Xunta, que o destino do inmovible sexa a construción de vivendas sometidas a algún réxime de protección pública.

A bonificación só alcanzará a parte da cota correspondente a vivendas protexidas cando se trate de promocións mixtas nas que se inclúan vivendas protexidas e vivendas de renda libre.

2. Unha bonificación do 90% da cota, o amparo do previsto no artigo 103.2 da Lei de Facendas Locais, cando se trate de obras para a eliminación de barreiras arquitectónicas ou adaptación de vivendas ás necesidades derivadas da situación das persoas discapacitadas que as habitan.

C) ASPECTOS FORMAIS XENÉRICOS.

1. A petición da declaración da construción, instalación ou obra como de especial interese ou utilidade pública municipal, poderá instarse dende a petición da licenza ou a presentación da declaración responsable ou comunicación de inicio ata o momento do outorgamento da licenza de primeira utilización.
2. Corresponde dita declaración de interese especial ou de utilidade pública municipal ao Pleno Municipal co voto favorable da maioría simple dos seus membros.
3. Esta bonificación aplicarase exclusivamente sobre a parte do

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

orçamento das obras que corresponda ás obras ou instalacións que se realicen con esta finalidade, e que sexan obxecto de proxecto de reforma nos que non sexan esixibles ou regulamentariamente.

Se a bonificación fora concedida a Administración municipal practicarán a liquidación correspondente que a notificará o interesado.

A presentación da solicitude de bonificación fora do prazo sinalado non suspenderá os actos de xestión liquidatoria e de recadación. Non obstante, o suxeito pasivo poderá solicitar a devolución do exceso ingresado se posteriormente fora recoñecida a bonificación.

Estas bonificacións serán compatibles entre si, sen poder superar en ningún caso o importe da cota tributaria.

As solicitudes de bonificacións serán dirixidas á Alcaldía do Concello de Guitiriz quen requirirá os informes que poidan ser precisos, incluíndo o Informe de Intervención sobre a repercusión da bonificación de acordo coa Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira."

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza considerarase definitivamente aprobada."

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcaldesa di que o equipo de goberno propón esta modificación coa intención de beneficiar ao sector primario e unha das maneiras é modificar este imposto xa que aos propietarios das explotacións supoñalles un custe importante poder melloralas.

Ata de agora so había unha bonificación por interese social e con esta modificación o que se pretende e que teñan acceso a esa bonificación, que se acordará en Pleno, ademais de por circunstancias sociais, incluíndo aí instalacións, construcións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas ou forestais, cando concorran unha serie de circunstancias aí recollidas.

A bonificación poderá ser ata dun 90% pero sempre en función da importancia económica e social de cada caso en concreto e da capacidade económica do concello en base ao seu equilibrio presupostario.

Haberá outro apartado de "circunstancias culturais e histórico artísticas" e incluímos un novo apartado de "circunstancias de fomento do emprego" para que as empresas que se instalen no noso concello, en función dos postos de traballo que creen, podan ser bonificadas ou non neste imposto.

Hai un cuarto apartado de "circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, de supostos solicitados e promovidos por administracións públicas". Hai tamén bonificacións para instalacións, construcións e obras para vivendas de protección oficial e unha bonificación do 90% de obras que eliminan barreiras arquitectónicas ou adaptación de vivendas ás necesidades derivadas da situación das persoas discapacitadas que as habitan. O voceiro do grupo PP di que a modificación do "artigo 6. Bonificacións Potestativas" da

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

ordenanza fiscal do ICIO quedará da seguinte maneira:

-Razóns de interese especial ou utilidade pública municipal substanciais:

- a) Circunstancias sociais a bonificación poderá ser ata 90 % do imposto.
- b) Circunstancias culturais e histórico artísticas, a bonificación será do 75 % da cota do imposto.
- c) Circunstancias de fomento do emprego, a bonificación será dun 30, 40 ou 50 % dependendo do aumento do cadro de persoal e os seus contratos indefinidos, a construcións, instalacións e obras cuxo domicilio fiscal se atope no concello de Guitiriz e permaneza no mesmo durante un período de seis anos si a construción, instalación ou obra é de nova planta. A bonificación estará condicionada a contratación: do 40% entre 3 e 10 traballadores indefinidos, do 50 % entre 10 e 25 traballadores indefinidos, do 60% entre 25 e 40 traballadores e do 75% cando sexa superior a 40 traballadores indefinidos.
- d) Circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego, de supostos solicitados e promovidos por administracións públicas a bonificación será do 50%.

-Outras bonificacións potestativas, unha do 50% para vivendas de protección oficial e do 90% para a eliminación de barreiras arquitectónicas ou adaptación de vivendas ás necesidades derivadas da situación das persoas discapacitadas que as habitan.

O informe xurídico di que se axusta a legalidade e o de intervención municipal fiscaliza de conformidade.

Ao Partido Popular gustaríalle que tivese en conta no grupo denominado "outras bonificacións potestativas" o seguinte: que a xente de ata 40 anos que constrúa a súa vivenda por primeira vez no territorio municipal teña una bonificación do 50 %, do mesmo xeito que si fose unha vivenda de protección oficial.

O voceiro do grupo BNG di que vemos ben que se modifique este artigo 6, pero vemos que no apartado A.1 pon que bonificarán "construcións, instalacións ou obras destinadas a explotacións gandeiras, agrícolas e forestais, tales como establos, fosas sépticas, silos, almacéns ou calquera outra, que serva a tales fins" e din que poderá bonificarse ata o 90% da cota do imposto en función da importancia económica e social de cada caso concreto, e da capacidade económica do Concello en orde o seu equilibrio orzamentario. Porque isto último so se especifica neste punto e non se menciona no apartado de circunstancias culturais e histórico artísticas?

Parécenos un pouco dubidoso e incompleto porque pode xerar conflito o día que se chegue a aplicar. O resto da modificación parécenos ben porque é unha mellora para os cidadáns que queiran establecerse no concello.

Na segunda quenda a Sra. Alcadesa di que ante a modificación que plánte o voceiro do PP a alcaldesa respóndelle que entende que calquera modificación que se queira engadir require un estudo previo de costes.

Intervén o Interventor para aclarar que detrás de calquera reforma hai un estudo completo onde se valora o impacto, por si este fora relevante, parece prudente facer un estudo técnico.

A Alcadesa aclara que non é o mesmo facer unha emenda a calquera outro asunto que se trae ao Pleno que a unha ordenanza fiscal que afecta ao equilibrio financeiro do concello.

Pódese facer un estudo de costes igual que se fixo para esta modificación que se trae hoxe ao Pleno e unha vez feito podemos valoralo e estudialo. Entendo que a idea e beneficiar aos menores de 40 anos que queiran facer unha casa ou incluso rehabilitar.

A aprobación inicial da modificación desta ordenanza non ten porque entrar en conflito con que se faga un estudo sobre o que propón o portavoz do PP.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que atreveríame a pedir a bonificación do 75%

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

cando é para recuperar un casarío galego, incluso do 90 ou 100%.

O voceiro do grupo BNG di que no caso de que se queira engadir o que propón o portavoz do PP pódese facer unha modificación cando se queira.

Na segunda quenda a Sra. Alcaldesa di que o mellor e someter a votación a modificación desta ordenanza e logo facemos un estudo para ver como podemos facer esa outra modificación.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

modificación da ordenanza fiscal número 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.. Expediente 248/2021.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A proposta de acordo, dictaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

"EXPEDIENTE Nº: 248/2021

ASUNTO: Expediente de modificación da ordenanza fiscal número 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

Dona Marisol Morandeira Morandeira, Alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de alcaldía de data 11/03/2021 de incoación de expediente de modificación da ordenanza fiscal número 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa publicada no BOP de Lugo nº 234 de data 10/10/2008.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais, preténdese a SUSPENSIÓN da aplicación da taxa, mentres o pleno non acorde o contrario.

Vistos o informes de secretaría 2021-0044 de data 12/03/2021 e de intervención 2021-0049 de data 15/03/2021.

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal número 16 reguladora da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, tablados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, que queda redactado da seguinte forma:

“ ORDENANZA FISCAL NÚMERO 16 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABLADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Como consecuencia da situación excepcional motivada pola crisis sanitaria provocada polo COVID-19, suspendese a aplicación da presente taxa, en tanto afecte ou afectara a feitos impositivos devengados durante a súa vixencia, mentres o pleno non acorde o contrario con idénticas formalidades. “

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza considerarase definitivamente aprobada."

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcaldesa di que isto encadrase dentro das medidas para intentar axudar, na medida do posible, sobre todo a hostalería que foi a que saíu peor parada desta situación económica.

Imos aproveitar para redactar unha ordenanza que regule o uso das terrazas para que poidamos convivir todos/as, os hostaleiros/as poidan facer uso das terrazas e os peóns das beirarrúas.

O voceiro do grupo PP di que sendo o informe de secretaria e de intervención favorables o partido popular de Guitiriz esta de acordo coa modificación desta ordenanza motivada pola pandemia.

De todas formas a hostalaría, perruquerías e demais tendas do noso concello precisan de moitas mais axudas para non ter que pechar e poder continuar. A nós tamén nos interesa falar das pequenas tendas ambulantes que percorren as nosas feiras e festas, as que non se lles deu ningunha axuda, e habería que axudalos tamén, non hai festas nin romarías e esa xente vive diso. Podiamos tratar de reducir ou eliminar as taxas que pagan os feirantes en Guitiriz dentro do ano 2021.

O voceiro do grupo BNG di que o BNG considera moi axeitada a suspensión desta taxa tendo en conta a situación excepcional motivada pola crise do Covid.

Na segunda quenda a Sra. Alcaldesa di que a suspensión desta taxa é para os establecementos de autónomos, non para outro tipo de ocupación.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Con respecto ao que dixo o portavoz do partido popular teño que dicir que neste concello xa se axudou aos vendedores ambulantes do mercado eximíndoos do pago da taxa, pero estamos abertos a estudar calquera outra posibilidade que os grupos consideren oportuno e beneficie aos autónomos do concello ou aos que veñen crear riqueza aquí como son os postos do mercado.

O voceiro do grupo PP reitera que os que se dedican a isto, os ingresos que tiveron foron practicamente nulos xa que non houbo festas nin romarías.

Intervén a alcaldesa para dicirlle ao portavoz do PP que presente unha proposta estruturada respecto a ese colectivo para logo poder estudala.

O voceiro do grupo BNG di que pódese estudar algunha iniciativa encamiñada neste sentido que supoño que se aceptará.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por comunicación previa e declaración responsable. Expte: 73/2021.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A proposta de acordo, dictaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

"Modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por comunicación previa e declaración responsable. Expte: 73/2021.

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de alcaldía de data 27/01/2021 de incoación de expediente de modificación do artigo 6 da ordenanza reguladora da taxa por comunicación previa e declaración responsable publicada no BOP de Lugo nº 33 de data 9/02/2012.

Visto o texto da modificación da ordenanza redactado polos servizos económicos municipais, preténdese modificar a tarifa.

Vistos o informes de secretaría e de intervención de datas 29/01/2021 e 15/03/2021.

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 4KW4YY246CHKTM62WRWZ5NY6P | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 57 a 90



Concello de Guitiriz

Considerando o disposto nos artigos 15 a 19, 57, e 20.3 s) e 101 da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo RDL 2/2004 de 5 de marzo.

Considerando o disposto nos artigos 4.1 a), 21.1, 22.2 d), 25.2, 47.1, 49,65.2 e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación do artigo 6 da ordenanza fiscal reguladora da taxa do taxa por comunicación previa e declaración responsable que queda redactado da seguinte forma:

"ARTIGO 6.- TARIFA

6.1 Apertura de naves, locais ou establecementos físicos con uso característico terciario e outras actividades análogas, por cada m2 de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.

.....0,80 €/m2

6.2 Apertura de naves, locais ou establecementos físicos con uso característico industrial e artesanal, e outras actividades análogas, por cada m2 de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.

.....0,50 €/m2

6.3 Apertura de naves, locais ou establecementos físicos con uso característico de equipamentos, e outras actividades análogas, por cada m2 de superficie construída, e sen

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.

.....0,50 €/m²

6.4 Apertura de naves, locais ou establecementos físicos con uso característico agropecuario ou forestal, e outras actividades análogas, por cada m² de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.

.....0,25 €/m²

Non se computarán aos efectos da superficie construída, a de silos, fosas, soleiras, plataformas, esterqueiras e outras construcións e instalacións auxiliares análogas, necesarias para o desenvolvemento da actividade por cumprimento de medidas ambientais, de salubridade e/ou de xestión de residuos."

SEGUNDO.- Abrir un período de información pública durante un prazo de 30 días mediante a publicación de edictos no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, para que poidan presentarse reclamacións e suxestións. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza se considerará definitivamente aprobada."

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcaldesa di que a ordenanza que había vixente ata agora establecía unha taxa de 0,80 €/m² para todo tipo de prestación de servizos independentemente do tipo de actividade ou establecemento de que se trate. Resulta evidente que o rendemento económico das distintas actividades en relación cos m² construídos das construcións, edificacións e instalacións nos que as mesmas se desenvolven é moi diferente segundo os distintos sectores de actividades e en función dos usos urbanísticos dos mesmos, entón consideramos oportuno que a ordenanza debería adaptarse a definición e usos establecidos pola lexislación urbanística vixente, que están definidos no Decreto 143/2016 polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei do Solo de Galicia.

Hai catro usos: terciario, comprende os usos comerciais e oficinas, recreativos e hostaleiros e outros asimilables; industrial e artesanal, que comprende o de produción de bens e almacenaxe dos mesmos e loxísticos; agropecuario e forestal, comprende a produción e recría de animais, produtos do sector primario e prestación de servizos complementarios e por último os equipamentos que comprende o sanitario, asistenciais, educativos, culturais e deportivos, administrativo institucional e de servizos públicos.

Polo tanto consideramos que debería diferenciarse a taxa a aplicar por m² dos diferentes usos, xa que por exemplo o uso comercial ou terciario ou administrativo, con moita menos superficie conta cun rendemento economicamente maior que o uso industrial ou agropecuario dado que estes últimos requiren de grandes dimensións de locais para a produción e almacenamento dos produtos derivados da súa actividade ou no caso de explotacións agropecuarias, instalacións dedicadas exclusivamente ao coidado de animais e maquinaria.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Tamén debería diferenciarse o uso dos equipamentos, dado que os equipamentos públicos ou privados están destinados a satisfacer necesidades da cidadanía nos termos en que se define na propia lexislación urbanística. Nos usos industrias, agropecuarios e forestais non debería considerarse ademais a estes efectos a superficie construída de silos, fosas, plataformas, esterqueiras e outras construcións auxiliares análogas necesarias para o desenvolvemento da actividade por cumprimento de medidas ambientais de salubridade e xestión de residuos.

En base a todo isto a proposta que se fai diferenciando os tipos impositivos quedaría así:

“Artigo 6. Tarifas

6.1. Apertura de naves, locais ou establecementos físicos con uso característico terciario e outras actividades análogas, por cada m2 de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.....0,80 €/m2

6.2 Apertura de naves, locais ou establecementos físicos con uso característico industrial e artesanal, e outras actividades análogas, por cada m2 de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00.....0,50 €/m2

6.3 Apertura de naves, locais ou establecementos físicos con uso característico de equipamentos, e outras actividades análogas, por cada m2 de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.....0,50 €/m2

6.4 Apertura de naves, locais ou establecementos físicos con uso característico agropecuario ou forestal, e outras actividades análogas, por cada m2 de superficie construída, e sen que poida resultar unha cota inferior a 50,00 €.....0,25 €/m2

Non se computarán aos efectos da superficie construída, a de silos, fosas, soleiras, plataformas, esterqueiras e outras construcións e instalación auxiliares análogas, necesarias para o desenvolvemento da actividade por cumprimento de medidas ambientais, de salubridade e/ou de xestión de residuos.”

Esta é unha modificación que vén a beneficiar basicamente ao sector primario do noso concello.

O voceiro do grupo PP di que estamos de acordo co que acaba de dicir vostede pero o PP de Guitiriz cre que tamén é necesario que estas tarifas reflectidas nesta ordenanza sexan aplicables de maneira semellante aos autónomos, PYMES, ou calquera outra empresa que aínda que non sexa unha PYME xere moitos postos de traballo no concello.

O voceiro do grupo BNG di que vemos que a modificación desta ordenanza está ben para todas as actividades que se queiran desenvolver no concello, favorecendo así o asentamento de mais persoas que queiran desenvolver calquera tipo de actividade no concello. Votaremos a favor porque estamos totalmente de acordo.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Recoñecemento Extraxudicial de Créditos nº1/2021. Expediente 263/2021.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidad e/Asentimeto

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

A proposta de acordo, dictaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

"EXPEDIENTE NÚMERO: 263/2021

PROCEDIMENTO: RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 1-2021. OBRIGAS DE SERVIZOS PRESTADOS NO ANO 2016, 2018 E 2019.

ASUNTO: PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN.

Consta Nesta Alcaldía a existencia de facturas presentadas a través da plataforma de facturación electrónica FACE por diversos acreedores municipais, que se relacionarán de seguido e que se atopan pendentes de pago:

Rexistro	Data Operación	Concepto	Terceiro	Partida orzamentaria	Importe
838	31/05/2016	SERVICIOS TECNOLOGIA GESTIONA: SUSCRIPCIÓN MANTENIMENTO, SUSCRIPCIÓN ESPUBLICO, ACTUALIZACIÓN XURÍDICA PLATAFORMA	AULOCE S.A.U.	920.22706	2.108,27
537	26/02/2018	SERVICIOS TECNOLOGIA GESTIONA: ALMACENAMIENTO E CUSTODIA	ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A.	920.22706	564,51
				TOTAL	2.672,78

Rexistro	Data Operación	Concepto	Terceiro	Partida orzamentaria	Importe
266	11/01/2021	XESTIÓN DE RESIDUOS VOLUMINOSOS. MES ABRIL 2019	AMBIGAL 360 S.L	1623.22799	3.253,80
267	11/01/2021	XESTIÓN RESIDUOS VOLUMINOSOS MES XUÑO 2019	AMBIGAL 360 S.L	1623.22799	1.287,00
268	11/01/2021	XESTIÓN RESIDUOS VOLUMINOSOS MES XULLO 2019	AMBIGAL 360 S.L	1623.22799	1.584,00
				TOTAL	6.124,80

É vontade deste grupo de goberno de efectuar tódolos pagos pendentes aos acreedores municipais, e á vista das consecuencias negativas que poidan derivarse do incumprimento da normativa reguladora da morosidade nas administracións públicas, tanto para o Concello como especialmente para os provedores municipais.

Á vista dos seguintes antecedentes:

Conformidade das facturas de referencia con data 12/03/2021.

Declaración responsable asinada en data 12/02/2021, polo departamento

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

de Administración de Ambigal 360 S.L., de que dita entidade por despiste na organización interna non rexistrou as facturas de referencia durante o exercicio correspondente (2019).

Informe 2021-0042, de data 05/03/2021, do Técnico de Medio Ambiente no que se di que os servizos foron prestados efectivamente pola empresa Ambigal 360 S.L., prestando conformidade con cantidades e prezos.

Escrito de solicitude de previsión de pago de facturas pendentes recibido de Espublico Servicios para la Administración S.A. con data 29/09/2020.

Informe da área económica de data 11/03/2021 respecto as facturas do servizo de tecnoloxía Gestiona de datas 31/05/2016 e 26/02/2018, anuladas por erro contable.

Informe de fiscalización de conformidade 2021-0047, de data 12/03/2021.

Tendo en conta a regulación contida nos artigos 163 e 176 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como o artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, segundo os cal *"[...] Corresponderá al Pleno da la Entidad el reconocimiento extrajudicial de créditos, siempre que no exista dotación presupuestaria, [...]"*

Considerando que a imputación ao exercicio corrente dos gastos aos que se refire este expediente, en principio non prexudica á atención das necesidades do exercicio corrente, e tendo en conta a efectiva prestación dos servizos por parte dos emisores das facturas nos termos do establecido na Base 22 das de execución do vixente orzamento municipal

PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial e por tanto as prestacións executadas, das facturas de referencia polo importe total de 8.797,58 €.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo á Alcaldía aos efectos de que se proceda á Ordenación de pagos nos termos do artigo 61 do Real Decreto 500/1990.

Terceiro.- Dar traslado do acordo ao Departamento de Intervención-Tesorería para o seu coñecemento e efectos oportunos."

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcadesa aclara que se trata de facturas que non corresponden a este ano, pero as entidades que prestaron o servizo, pola razón que fose, non presentaron as facturas no seu momento. Todas as facturas están debidamente conformadas.

O voceiro do grupo PP di que este recoñecemento extraxudicial por importe de 8.797,58 € é de facturas correspondentes a exercicios anteriores polo tanto urxe o seu pago.

O voceiro do grupo BNG di que estamos diante do primeiro recoñecemento extraxudicial desta ano 2021, tratase de que o Pleno recoñeza facturas pertencentes a exercicios anteriores e que están sen pagar.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Segundo o informe de intervención hai dúas facturas de "Gestiona" unha por valor de 2.108,27 € e outra do 2018 por importe de 564 €. Do 2019 hai tres facturas da empresa "Ambigal 360 SL" que suman 6.124 €. Esta última empresa asume que foi fallo dela xa que non rexistrou estas facturas.

As facturas de Gestiona non deberían estar sen pagar, o erro é do Concello, porque hai un informe da área económica de data 11/03/2021 e parece que foron anuladas por un erro contable.

Na segunda quenda a Sra. Alcaldesa di que as empresas xa están avisadas de que teñen que presentar as facturas dentro do ano, pero entendo, que si traballas con moitas administracións pódeseles quedar algunha sen presentar.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Aprobación do plan estratéxico de subvencións do Concello de Guitiriz 2021-2022. Expediente 257/2021.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

A proposta de acordo, dictaminada favorablemente pola comisión informativa de asuntos do Pleno, é a seguinte:

"EXPEDIENTE Nº 257/2021

ASUNTO: EXPEDIENTE DE APROBACIÓN do PLAN ESTRATEXICO DE SUBVENCÍONS DO CONCELLO DE GUITIRIZ 2021-2022

Dona Marisol Morandeira Morandeira, Alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das atribucións legalmente conferidas.

Vista a providencia de alcaldía de data 11/03/2021 de incoación de expediente de aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Guitiriz 2021-2022.

Visto o informe favorable de intervención 2021-0046, de data 12/03/2021..

Vista a normativa correspondente a subvencións, Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006, de 26 de xullo e a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa de asuntos do Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 4KW4YY246CHKTM62WRWZ5NY6P | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 63 a 90



Concello de Guitiriz

PRIMEIRO.- Aprobar o Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Guitiriz para o período 2021-2022, que queda redactado da seguinte forma:

"PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONS DO CONCELLO DE GUITIRIZ 2021-2022.

ARTIGO 1. ÁMBITO TEMPORAL

De conformidade co establecido no artigo 11.4 do Regulamento de Subvencións establece unha vixencia do Plan Estratéxico de Subvencións de 2 anos, é dicir abarca a actividade subvencional nos exercicios 2021 e 2022 inclusive.

Non obstante o anterior, anualmente, á vista dos informes de seguemento e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias poderán modificarse, substituírse por outras ou eliminarse liñas de subvencións.

Dentro de cada unha das liñas poderán actualizarse ou modificarse calquera aspecto do seu contido, ben polos resultados nos informes de seguemento en canto á consecución dos obxectivos de adecuación dos recursos invertidos, ben por outros motivos debidamente xustificadas.

ARTIGO 2. NATUREZA XURÍDICA.

Os Plans Estratéxicos de Subvencións son un instrumento de xestión de carácter programático, que carece de rango normativo, que non supón unha incidencia directa na esfera dos particulares, nin a súa aprobación xera dereitos nin obrigacións para a administración.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan requirira a inclusión das consignacións correspondentes nos Orzamentos municipais de cada ano e a aprobación das Ordenanzas que conteñan as bases reguladoras da súa concesión.

A súa efectividade queda condicionada ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, polo que a aprobación das correspondentes bases e convocatorias das diferentes liñas de subvención, así como das dispoñibilidades orzamentarias acomodaranse en cada momento a devanditos obxectivos.

A aprobación do Plan Estratéxico de subvencións non supón a xeración de dereito algún a favor dos potenciais beneficiarios, que non poderán esixir indemnización ou compensación algunha no caso de que o Plan non se leve á práctica nos seus propios termos.

ARTIGO 3. COMPETENCIA

O órgano competente para a aprobación do Plan Estratéxico de Subvencións, é o Pleno municipal, dado que se trata dun instrumento de planificación estratéxica da actividade subvencional ou de fomento e de xestión económica de acordo co previsto no apartado e) do artigo 22 da Lei de bases de Réxime Local e en

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

concordancia coas Bases de Execución do Orzamento do Concello de Guitiriz para o ano 2021-2022.

ARTIGO 4.BENEFICIARIOS

O Concello concederá subvencións a favor de persoas físicas ou Entidades e asociacións privadas, domiciliadas ou non no Concello, coa finalidade de fomentar a realización de actividades de interese municipal dentro do termo municipal ou en beneficio da mesma, segundo o disposto no artigo 7 da Ordenanza Xeral reguladora das subvencións do Concello de Guitiriz.

ARTIGO 5. ASPECTOS ESTRATÉXICOS DO PLAN. MISIÓN, VISIÓN E VALORES

● Misión

Representa a razón de ser do conxunto da actividade subvencional de Participación Cidadá, impulsar, promover e potenciar a participación da sociedade civil estruturada no noso Concello nos distintos ámbitos da xestión municipal de interese concorrente; definir e mellorar as canles de comunicación municipal, facilitando a máis ampla información sobre a actividade municipal e fomentando un plan de comunicación multidireccional entre cidadáns, asociación e administración; fomentar a vida asociativa garantindo a convivencia solidaria; garantir o acceso do tecido asociativa veciñal ós recursos e estruturas municipais para implicarse na xestión de equipamentos, e actividades municipais e garantir a solidariedade e equilibrio entre as distintas parroquias e barrios.

Trátase de aumentar e mellorar a información e formación recibida por parte das persoas representantes das asociación, así como os recursos materiais a disposición do tecido asociativo.

● Visión

A actividade subvencional será transparente, orientada por criterios de eficacia e eficiencia na realización do gasto público e cun obxectivo de mellora progresiva e en permanente control de resultados por un mellor servizo o cidadá.

● Valores

A concesión de subvencións debe responder os seguintes principios:

o Principio de publicidade: Este principio materialízase na convocatoria previa e na que se garante a publicidade da convocatoria e na publicidade das subvencións concedidas, sen prexuízo da posible concesión directa de conformidade co establecido o respecto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nas Bases de Execución do Orzamento e demais normativa de aplicación.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

o Principio de libre concorrencia: dito principio materializarase na determinación dos requisitos que deben cumprir os beneficiarios, non restrinxindo o acceso a quen se encontran en iguais condicións, de tal maneira que se garante a concorrencia e igualdade na distribución de fondos públicos, sen prexuízo da posible concesión directa que, de conformidade co establecido na norma aplicable, deberá contar, con carácter previo, coas debidas dispoñibilidades orzamentarias.

o Principio de obxectividade: A concesión de subvencións realizarase conforme ós criterios obxectivos, previamente establecidos na convocatoria a fin de garantir o coñecemento previo dos mesmos por potenciais beneficiarios.

o Principio de transparencia e igualdade e non discriminación na asignación dos recursos público: Dito principio materialízase na observancia dos principios de concorrencia, obxectividade e publicidade, sen prexuízo da aplicación dos supostos legais de concesión directa.

o Principios de eficacia e eficiencia: eficiencia no cumprimento dos obxectivos marcados co establecemento dun procedemento de seguimento e control das subvencións concedidas e eficiencia na asignación dos recursos públicos, coa valoración das subvencións e a asignación ós proxectos máis eficientes, debendo xustificarse cuantitativa e cualitativamente as subvencións percibidas.

o Principio de adecuación á estabilidade orzamentaria e a regra do gasto: A concesión de subvencións axustarase o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e a regra do gasto, nos termos previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

o Principio de control e análises de adecuación dos fins das entidades solicitantes ós principios de igualdade e non discriminación no exercicio das actividades subvencionadas.

ARTIGO 6. LIÑAS DE SUBVENCIÓN.-OBXETIVOS ESTRATÉXICOS.

O presente Plan Estratéxico do Concello de Guitiriz resulta de aplicación directa a todas as subvencións concedidas anualmente polo Concello mediante os seguintes procedementos de concesión de subvencións:

- Subvencións concedidas en réxime de concorrencia competitiva.
- Subvencións nominativas previstas no orzamento.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

-Subvencións de carácter excepcional, nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

Con carácter xeral, as subvencións concederanse en réxime de concorrencia competitiva; non en tanto, poderán concederse mediante axuda directa aquelas subvencións que figuren como nominativas nos orzamentos municipais, e aquelas que, excepcionalmente, a lexislación permite, por interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

Os obxectivos xerais deste Plan, común a todas as liñas de subvención, son os seguintes:

1. Dar cumprimento o mandato legal recollido no artigo 8.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que obriga os Concellos que previamente á concesión de subvencións, se proceda a aprobar o correspondente Plan Estratéxico.
2. Establecer e normalizar, para o conxunto das diferentes liñas de subvencións, un conxunto de principios e bases de execución común ás mesmas.
3. Mellorar e racionalizar a xestión das subvencións coa valoración dos aspectos de transversalidade, eficacia, eficiencia na xestión das diferentes liñas de axudas.
4. Facilitar e aumentar a participación cidadá do Concello de Guitiriz, a través da mellora e o incremento de actividades e das ferramentas precisas para o seu funcionamento.

As Liñas estratéxicas de actuación recollidas no presente Plan Estratéxico, no que se integran as liñas de subvencións do Concello, son as seguintes:

- Liña 1: Fomento da actividade asociativa que participe na promoción do deporte, a cultura, a música, a protección do patrimonio histórico artístico, a protección e conservación do medio ambiente a mocidade e a recreación de Guitiriz.
- Liña 2: Fomento dos intereses económicos e turísticos da localidade ou que contribúan á consolidación e a creación de emprego.
- Liña 3: Cooperación, solidariedade e desenvolvemento humano.
- Liña 4: Fomento da rexeneración e renovación urbana e rural.
- Liña 5: Acción social: promoción da muller, xuventude, asociacionismo e participación cidadá, actividades dirixidas a discapacitados, fomento do transporte público,

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

6.1. SUBVENCÍONS EN MATERIA DE FOMENTO DO ASOCIACIONISMO (LIÑA 1)

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar a realización de proxectos e actividades abertas ao público en xeral, das asociacións existentes en Guitiriz, con fins de carácter social, cultural, de protección do patrimonio histórico artístico e medio ambiental, deportivo, xuvenil e educativo.

Favorecer as actividades musicais, programación de concertos, os espectáculos de música, formación de corais, bandas musicais, ...

Impulsar e acercar á poboación a creación artística a través de exposicións, talleres e encontros, apoiando a súa formación e disfrute.

Favorecer a realización de actividades deportivas no Concello, apoiar a todo tipo de Entidades Públicas ou Privadas que programen ou realicen actividades de carácter deportivo, para a celebración de competicións ou eventos deportivos.

Fixar unha canle de comunicación que informe ás entidades asociativas sobre as actividades, cursos, obradoiros, liñas de axudas, etc. Que teñen a súa disposición así como que lles resolva pequenas dúbidas na tramitación de actividades ou axudas ou na redacción de determinados documentos.

b) Obxectivos. Específicos:

- Fortalecer o movemento asociativo local nos seus diversos ámbitos de cultura, deporte ou calquera outra actividade sectorial, como forma de participación da cidadanía.
- Colaborar co movemento asociativo dos núcleos asociados na organización das actividades dos seus ámbitos territoriais.
- Fomentar a participación dos mozos e das súas entidades sociais na dinámica sociocultural do municipio.
- Apoiar o mantemento e funcionamento de asociacións previstas no orzamento municipal.
- Realización dun maior número de espectáculos no Concello, a formación de grupos musicais e actividades culturais o aire libre, fomento da afección pola música e a danza na poboación como medio de expresión cultural dos veciños/as, a través da promoción da ensinanza e a cultura da música.
- Fomentar a promoción do deporte federado das entidades deportivas de base. Financiar a adquisición de material deportivo para a práctica de deporte, que se realice maior número de competicións e máis actividades e eventos deportivos.
- Creación dunha revista deportiva municipal cunha periodicidade anual na que participen todos os clubs ou asociacións deportivas do concello que así o desexen, promoción mediante a web municipal ou mediante a creación dunha web específica, unha listaxe de enderezos electrónicos, creación dun perfil único nas RR.SS, ...

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

- Establecer un plan de actuación para a limpeza de ríos.
- Minimizar os riscos e danos no medio natural pola organización de eventos.
- Potenciación de plataformas dixitais existentes, como por exemplo AsociaLugo ou LugoCulturaDixital ampliando a repercusión e impacto das mesmas así como ampliando os servizos de desde elas se ofrecen incorporando por exemplo, un servizo informático onde poder realizar consultas así como un sistema de avisos automatizado.

c) Prazo de execución

Anual

d) Custos previsibles

Os custos previstos para o exercicio 2021-2022 serán, ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias recollidas no Orzamento aprobado.

e) Fontes de financiamento

O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo o capítulo 4 do Orzamento de gastos, segundo a dotación orzamentaria prevista nas diferentes partidas do Orzamento municipal. As liñas de actuación son susceptibles de incrementarse con aportacións suplementarias de fondos doutras administracións ou a través das modificacións orzamentarias, sempre e cando se preverá na convocatoria nos termos previstos no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

f) Procedemento de concesión

O procedemento de concesión realizarase en xeral por concorrencia competitiva, e directa para as entidades que figuran nominativamente no orzamento, e con carácter excepcional por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

g) Plan de actuación

O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria e os convenios de colaboración que poidan asinarse para regular o outorgamento de subvencións nominativas.

6.2. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DOS INTERESES ECONÓMICOS (LIÑA 2)

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

a) Obxectivo estratéxico:

Apoiar o estímulo empresarial no termo municipal, favorecendo a competitividade das empresas de Guitiriz e o mantemento do emprego, así como actividades de promoción turística.

Modernización de explotacións agrarias e a primeira instalación de xovenes agricultores que presenten un plan empresarial.

Impulsar a xeración de emprego dentro do ámbito empresarial do territorio, favorecendo a aplicación de políticas socialmente responsables. Ademais mellorar a empregabilidade, en especial a de colectivos con especiais dificultades de acceso o mercado laboral, e baixo o principio de igualdade de mulleres e homes.

b) Obxectivos específicos:

- Apoiar o crecemento e consolidación de proxectos empresariais, xeradores e mantedores de emprego estable en Guitiriz.
- Apoiar o crecemento e consolidación de proxectos empresariais, xeradores e mantedores de emprego e de poboación nos núcleos do termo municipal de Guitiriz.
- Apoiar a mellora da competitividade e a innovación do tecido empresarial do termo municipal.
- Evitar o envellecemento dos titulares das explotacións agrícolas e gandeiras, fomentando o relevo xeracional.
- Fomentar a contratación e estabilidade no emprego, tanto a tempo completo como parcial.
- Apoiar a inserción e mantemento no emprego de aquelas persoas con especiais dificultades de acceso ó mercado laboral.
- Apoiar a creación de novas empresas e o seu mantemento nos primeiros anos de vida das mesmas.
- Impulsar medidas de sustentabilidade económica e medio ambiental nas empresas locais.
- Fomentar e promocionar os recursos turísticos do Concello, coa elaboración por exemplo de material no que se promovan os recursos propios do conxunto de parroquias do Concello, onde previamente se fixera un inventariado de todos os recursos existentes.
- Posta en marcha de actuacións que aumenten a colaboración, o apoio e a difusión das diferentes rutas que existen no Concello.

c) Prazo

Convocatorias anuais

d) Custos previsibles

Os custos previstos para o exercicio 2021-2022 serán, ata o máximo das

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

dispoñibilidades orzamentarias recollidas no Orzamento aprobado.

e) Fontes de financiamento

O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo o capítulo 4 do Orzamento de gastos, segundo a dotación orzamentaria prevista nas diferentes partidas do Orzamento municipal. As liñas de actuación son susceptibles de incrementarse con aportacións suplementarias de fondos doutras administracións ou a través das modificacións orzamentarias, sempre e cando se preverá na convocatoria nos termos previstos no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

f) Procedemento de concesión

O procedemento de concesión realizarase en concorrencia competitiva, de acordo coa Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Guitiriz.

g) Plan de actuación

O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

6.3. SUBVENCIÓNS DE COOPERACIÓN, SOLIDARIEDADE E DESENVOLVEMENTO HUMANO (LIÑA 3)

a) Obxectivo estratéxico

Cooperar no desenvolvemento dos pobos máis desfavorecidos e apoio a persoas con poucos recursos, maiores e/ou dependentes do Concello de Guitiriz, promovendo iniciativas que axuden a incrementar a sensibilidade da cidadanía e contribuír a mellorar as súas condicións de vida mediante axudas económicas a proxectos de solidariedade e desenvolvemento local.

b) Obxectivos específicos:

- Contribuír para que os pobos alcancen un desenvolvemento humano , autosostido e sostible, respectuoso co medio ambiente e mobilizador de recursos endóxeos.

- Atender situacións de urxencia a través de accións de axuda humanitaria.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

-Atender e apoiar a persoas con escasos recursos dentro do Concello así como a persoas maiores e/ou en situación de dependencia.

c) Prazo

Convocatorias anuais

d) Custos previsibles

Os custos previstos para o exercicio 2021-2022 serán, ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias recollidas no Orzamento aprobado.

e) Fontes de financiamento

O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo o capítulo 4 do Orzamento de gastos, segundo a dotación orzamentaria prevista nas diferentes partidas do Orzamento municipal. As liñas de actuación son susceptibles de incrementarse con aportacións suplementarias de fondos doutras administracións ou a través das modificacións orzamentarias, sempre e cando se preverá na convocatoria nos termos previstos no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

f) Procedemento de concesión

O procedemento de concesión realizarase en xeral por concorrencia competitiva, e directa para as entidades que figuran nominativamente no orzamento, e con carácter excepcional por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

g) Plan de actuación

O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

6.4. SUBVENCIÓNS EN MATERIA DE FOMENTO DA REXENERACIÓN E RENOVACIÓN URBANA E RURAL (LIÑA 4)

a) Obxectivo estratéxico

Fomentar a rehabilitación de edificios e vivendas tanto en zona urbana como no rural do Concello.

b) Obxectivos específicos

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

- Mellorar o tecido residencial de Guitiriz.
- Rehabilitar edificios e espazos públicos, mellorando a súa calidade, a súa eficiencia enerxética e a súa accesibilidade universal.
- Repoboación de zonas rurais do Concello.
- Elevar a calidade de vida dos cidadáns de Guitiriz que teñen vivendas/edificios que non compren as condicións de habitabilidade conforme á normativa actual, mellorando con iso o tecido urbano e a superación de situacións de infravivenda.

c) Prazo

Convocatorias Anuais

d) Custos previsibles

Os custos previstos para o exercicio 2021-2022 serán, ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias recollidas no Orzamento que se aprobe.

e) Fontes de financiamento

O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo o capítulo 4 do Orzamento de gastos, segundo a dotación orzamentaria prevista nas diferentes partidas do Orzamento municipal. As liñas de actuación son susceptibles de incrementarse con aportacións suplementarias de fondos doutras administracións ou a través das modificacións orzamentarias, sempre e cando se preverá na convocatoria nos termos previstos no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

f) Procedemento de concesión

O procedemento de concesión realizarase en concorrencia competitiva, de acordo coa Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Guitiriz.

g) Plan de actuación

O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

6.5. SUBVENCÍONS EN MATERIA DE ACCION SOCIAL (LIÑA 5)

a) Obxectivo estratéxico

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 4KW4YY246CHKTM62WRWZ5NY6P | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 73 a 90



Concello de Guitiriz

- Incrementar as actividades encamiñadas á promoción, incorporación e permanencia da muller no mundo laboral, tratando de conseguir a igualdade en todos os aspectos da vida, facilitando a conciliación da vida familiar e laboral, mellorando a súa calidade de vida e perseguindo o acoso sexual no traballo.
- Fomentar a realización de actividades de tempo libre para a xuventude, os cursos de formación de monitores e animadores, as actividades de verán, os programas de información á xuventude en relación coas drogas, estimular a inserción, autonomía, emancipación e benestar no mundo laboral.
- Incrementar o número de asociacións existentes no Concello con fins de carácter social e educativo, rexeitar a violencia e o racismo.
- Desenrolar e afianzar actividades físico-deportivas para persoas con parálises cerebral, discapacidades físicas, discapacidade intelectual ou trastornos xeneralizados do desenrolo.
- Programación continua de actividades educativas e de sensibilización en materia de saúde e enfermidades (por exemplo, cancro ou alzhéimer, entre moitas outras) facendo especial fincapé na mocidade.
- Posta en marcha dun servizo de apoio a disposición dos familiares e enfermos que o precisen como, por exemplo, obradoiros de auto axuda.
- Fomentar o uso do transporte público.

b) Obxectivos específicos

- Aumentar o número de empresas que incorporan mulleres nas súas plantillas, constitución de cooperativas de mulleres,
- Animar a expresión cultural xuvenil, evitar a drogo dependencia dos xóvenes, favorecer a constitución de asociación de tempo libre e xerar verdadeiras oportunidades de traballo, estudio e desenrolo para os xóvenes.
- Creación de asociación destinadas a servizos sociais, favorecendo a inserción de grupos discriminados na sociedade, como Asociacións de axuda a inmigrantes, consumidores, veciños, amas de casa, xóvenes, estudantes, ...
- Universalizar a toda a poboación do dereito á actividade recreativa, física e deportiva.
- Fomento e promoción do voluntariado entre a poboación, facendo especial fincapé no altruísmo e na satisfacción persoal que teñen as persoas voluntarias.
- Posta en marcha de acción, actividades ou programas de envellecemento activo.

c) Prazo

Convocatorias Anuais

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

d) Custos previsibles

Os custos previstos para o exercicio 2021-2022 serán, ata o máximo das dispoñibilidades orzamentarias recollidas no Orzamento que se aprobe.

e) Fontes de financiamento

O financiamento levarase a cabo con fondos propios, con cargo o capítulo 4 do Orzamento de gastos, segundo a dotación orzamentaria prevista nas diferentes partidas do Orzamento municipal. As liñas de actuación son susceptibles de incrementarse con aportacións suplementarias de fondos doutras administracións ou a través das modificacións orzamentarias, sempre e cando se preverá na convocatoria nos termos previstos no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

f) Procedemento de concesión

O procedemento de concesión realizarase en xeral por concorrencia competitiva, e directa para as entidades que figuran nominativamente no orzamento, e con carácter excepcional por razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

g) Plan de actuación

O plan de actuación para a execución desta liña estratéxica, realizarase mediante a elaboración das correspondentes bases de convocatoria.

ARTIGO 6. PRAZOS DE EXECUCIÓN

Con carácter xeral, as subvencións municipais terán un prazo de execución anual, sendo o período preferible a efectos de xustificación o ano natural.

Naqueles supostos nos que as circunstancias fagan conveniente a fixación dun prazo de execución superior ao anual, ou a modificación do período preferible, deberanse recoller nas correspondentes bases das subvencións.

ARTIGO 7. FINANCIAMENTO.

O establecemento efectivo das subvencións previstas neste Plan Estratéxico require a consignación orzamentaria e a aprobación, no seu caso, das correspondentes bases da convocatoria. As liñas de actuación son susceptibles de incrementarse con

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

aportacións suplementarias de fondos doutras administracións ou a través das modificacións orzamentarias, sempre e cando se preverá na convocatoria nos termos previstos no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

A efectividade das liñas de axudas e subvencións incluídas no presente plan, quedarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente no correspondente orzamento anual.

A tramitación das subvencións levará aparellada paralelamente a tramitación do gasto.

ARTIGO 8. PAGO ANTICIPADO DAS SUBVENCIONES CONCEDIDAS

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións, tamén se poderán realizar pagos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. Dita posibilidade e o réxime de garantías poderán preverse expresamente na normativa reguladora da subvención, ou nas bases das diferentes convocatorias, en función das necesidades de financiamento, do tipo de proxecto a subvencionar, dos destinatarios da subvención, e dos principios de eficacia e eficiencia que deben rexer toda actuación pública. No seu defecto, poderá establecerse por acordo da Xunta de Goberno Local.

ARTIGO 9. CONTROL E SEGUIMIENTO DO PLAN ESTRATÉXICO DE SUBVENCIONES.

O control e seguimento do presente Plan Estratéxico de Subvencións do Concello de Guitiriz, realizarase de forma anual, en dous aspectos.

- Control económico - financeiro das subvencións concedidas, que está encomendado á Intervención do Concello de Guitiriz, que se realizará nas condicións recollidas na lexislación vixente e cos procedementos que por parte da Intervención Xeral se determinen.

- Control e seguimento do Plan, para o que, por parte de cada un dos Servizos que actúen de órganos instrutores-xestores do procedemento de concesión das Subvencións, procederase a elaborar a memoria de avaliación. Este Plan Estratéxico debe ser revisado co obxecto de :

- o Modificar ou actualizar as liñas de subvención que puidera haber perdido a súa vixencia, ou non sexan eficaces para o cumprimento dos obxectivos.
- o Actualizar os importes daquelas que se manteñan.
- o Incluír novas liñas de actuación que se consideren precisas para a consecución dos obxectivos previamente establecidos.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

0

ARTIGO 10. TRANSPARENCIA.

Todas as subvencións concedidas polo Concello, en cada unha das súas liñas estratéxicas, programas de axuda e convocatorias, serán publicadas durante o mes seguinte a cada trimestre natural, de acordo cos Artigos 30 e 31 do Regulamento da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, na Web municipal, no Taboleiro de anuncios Oficiais da Sede Electrónica; no Taboleiro de Anuncios físico, no Boletín Oficial correspondente cando sexa necesario e na Base de Datos Nacional de Subvencións, indicando o beneficiario, a contía concedida e proxecto ou acción á que vai destinada.

ARTIGO 11. REVISIÓN DO PLAN.

En base os informes de control e seguimento do Plan aprobados e as propostas formuladas polos órganos instrutores- xestores, anualmente poderá levarse a cabo unha revisión do Plan, introducindo no mesmo as modificacións que se consideran adecuadas á consecución dos obxectivos definidos no mesmo.

A revisión do Plan Estratéxico procederá tamén no caso de que se produzan modificacións legislativas que impongan unha modificación do seu contido.”

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcaldesa aclara que isto é algo que contempla a lei e que é necesario facelo anualmente.

O voceiro do grupo PP di que estamos de acordo que ten que haber un plan estratéxico para poder pedir subvencións, vixencia dentro do ámbito temporal, natureza xurídica, a competencia, as liñas de subvencións e obxectivos estratéxicos, o financiamento e o pago anticipado das subvencións, os controis de seguimento do plan, a transparencia, a revisión do plan, tipos de subvencións que vai haber e como se van a conceder.

O voceiro do grupo BNG di que a Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia recolle no artigo 5.1 que os órganos de administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar un plan estratéxico de subvencións, os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custes previsibles e as súas fontes de financiación, supeditándose en todo caso ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Os plans estratéxicos deberán confeccionarse con carácter previo a calquera proposta ao outorgamento da subvención e estarán recollidas no plan estratéxico de subvencións municipal.

Estas medidas ademais de estar recollidas nunha lei, son lóxicas polo que votaremos a favor.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

Moción do grupo BNG sobre a reclamación dos bens de uso público que a igrexa católica rexistrou ao seu nome de xeito indevido. Expediente 223/2021.

Favorable

Tipo de votación:

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 4KW4YY246CHKTM62WRWZ5NY6P | Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 77 a 90



Concello de Guitiriz

Ordinaria
A favor: 8, En contra: 0,
Abstencións: 5,
Ausentes: 0

MOCION REFERENTE Á RECLAMACIÓN POR PARTE DO CONCELLO DOS BENS DE USO PÚBLICO QUE A IGREXA CATÓLICA REXISTROU AO SEU NOME DE XEITO INDEBIDO. Expte. 223/2021

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o goberno do PP de Jose María Aznar levouse a cabo unha reforma da Lei Hipotecaria para permitirlle á Igrexa Católica rexistrar ao seu nome todo tipo de propiedades sen ter que demostrar con ningún tipo de probas a pertenza, sendo necesario tan só a súa manifestacións de que eran deles dende había tempo.

Este tipo de actuación resulta inaudito, xa que calquera persoa ou entidade xurídica para poder rexistrar un ben ten que demostrar de forma concreta e que non deixe lugar a dúbidas a súa propiedade sobre ese ben.

Ao amparo desta lei de Aznar, entre os anos 1998 e 2015 a Igrexa Católica rexistrou 34.961 propiedades no Estado Español, 1.062 na provincia de Lugo e 7 no concello de Guitiriz, todas elas sen necesidade de ter que demostrar en ningún momento os dereitos que tiña sobre eses bens inmobiliarios ou terreos rústicos.

Ademais de todo isto, dáse a circunstancia que moitos deses inmobles foron construídos ou comprados cos cartos da veciñanza e outros moitos son de uso totalmente público dende tempos inmemoriais e nada teñen que ver coa actividade nin co culto relixioso. Dentro desta estarían, por exemplo, campos da festa, aparcadoiros, cruces de camiños públicos, etc.

Boa proba de que algunha destas propiedades son públicas é o feito de que levan sendo mantidas polo propio concello dende hai moitos anos, chegando incluso a facer obras ou construír elementos dentro destas propiedades, mantemento e construcións que se pagaron sempre con cartos públicos e sen que a Igrexa Católica opinara ou nada tivera que ver con estes traballos..

Na actualidade, o actual goberno do Estado vén de publicar o listado de todos eses bens rexistrados ao amparo da citada lei e ábrese un prazo para que calquera ente, físico ou xurídico, poida reclamar pola vía do contencioso ese rexistro de propiedade se considera que non está suficientemente xustificado.

É unha obriga de todas as administracións, e dos concellos tamén, defender en todo

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 4KW4YY246CHKTM62WRWZ5NY6P | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 76 a 90



Concello de Guitiriz

momento os intereses dos seus veciños e veciñas e entre esa defensa está non permitir que ninguén se apropie das súas propiedades. Non facelo resultaría un acto de conivencia cunha apropiación indebida completamente inaceptable por parte dunha Administración Pública.

Dentro desa obriga, dende o Bloque Nacionalista Galego pensamos que o concello de Guitiriz debe persoarse como parte afectada para reclamar para o patrimonio público todos aqueles bens que a Igrexa Católica rexistrou como propios ao amparo da citada lei de Aznar e que non están relacionados co culto relixioso, sendo a maioría de uso publico dende hai anos.

É por todo o exposto con anterioridade, e seguindo coa política de facer sempre propositar construtivas, sometemos a debate e aprobación polo Pleno deste concello esta MOCIÓN, propoñendo a adopción dos seguintes acordos:

1. Que o concello de Guitiriz proceda a elaborar un estudo exhaustivo dos bens que a Igrexa Católica rexistrou ao seu nome entre os anos 1998 e 2015, delimitando claramente os que están destinados ao culto relixioso e os que son de uso público de todos os veciños e veciñas.
2. Que o concello de Guitiriz a través dos seus órganos competentes e polos métodos legalmente establecidos, proceda a reclamar para o patrimonio municipal todos os bens de uso público e non relixioso que a Igrexa rexistrou ao seu nome sen documentación acreditativa ao amparo da citada reforma da Lei Hipotecaria.

Aberto o debate pola Presidencia o voceiro do grupo PP di que os bens de Igrexa Católica chegan a eles dende tempos inmemoriais por medio de testamentos, fundacións privadas, de familias, fundacións públicas etc.

O feito que se fagan algunhas festas e que estas teñan carácter público non significa que a propiedade non pertenza a Igrexa Católica, habería que diferenciar entre propiedade e uso. Os chamados campos de festa, nacen dende a antigüidade para a celebración de festas na honra dun Santo ou Santa determinado, polo xeral o patrón ou a patroa da parroquia, non naceron historicamente para a celebración das festas civís. Todos os campos de festas baseados na tradición secular están ao carón das igrexas, dos templos católicos universais.

A idiosincracia de todos nós como pobo vén determinada en grande parte por pautas de comportamento civil, pautas familiares, festas, xantares, celebracións familiares e tipos de comida polo feito de ser unha sociedade católica.

Si colle o Catastro de Ensenada, di que son fregueses, non fala de veciños/as, con respecto a Galicia está feito por parroquias, as parroquias veñen dos tempos dos Suevos, cando Galicia constituíuse como o primeiro reino de Europa, trala caída do Imperio Romano, o que nos deu a nosa lingua como tamén nos deu a lingua española. Ademais na época do suevos

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

as parroquias abarcaban un territorio moito mais extenso que o existente hoxe en día, formadas a partir do Concilio de Trento.

Esas chamadas freguesías nacen cun carácter eclesiástico pero tamén civil, por iso están recoñecidas no artigo 40.3 do Estatuto de Galicia, que recolle a súa personalidade xurídica as parroquias rurais. Esas freguesías, hoxe chamadas parroquias, tiñan no seu territorio demarcacións e non pertencían aos veciños/as, senón as propias igrexas organizadas cunha especie de pequenos mosteiros que non ten nada que ver co que hoxe se entende por mosteiros, senón que eran comunidades católicas rexidas polas normas da igrexa.

Son vostedes os que teñen que demostrar que eses bens son dos veciños/as non a Igrexa Católica, pois son propiedades seculares dela dende tempos inmemoriais.

Cada igrexa ten un libro de fábrica que demostra que son propiedade privada, que non pertencen a veciñanza senón que son das parroquias. Existen libros de fundacións e obras pías, protocolos notariais onde están as testemuñas, onde se di que pertencen a Igrexa Católica.

É difícil que vostedes podan entender a idea que a Igrexa é universal, as igrexas parroquiais son de todos os católicos. Os templos son dedicados ao culto e xorden gracias as xentes dunha determinada época, que as fixeron para servir a comunidade cristiá católica a perpetuidade.

Nos episcopoxios que son uns libros onde constan os feitos de cada bispo, e as doazóns que fan os reis, a aristocracia, os nobres e en Galicia a fidalguía. En España houbo dúas desamortizacións, a de Mendizabal e Madoz, moi duras contra os bens da igrexa católica e por iso o Estado Español dóalle cartos a igrexa católica no seu conxunto, cartos recadados gracias aos fieis.

Por tanto a igrexa católica-universal non se apropiou de ningún ben privado, senón que son os parroquianos actuais, a maioría católicos, sexan ou non practicantes, os que gozan deses bens, que son da igrexa católica pero o uso pertence a todos/as os habitantes da parroquia, mais non a súa posesión.

Non se preocupen que eses antigos campos das festas van seguir sendo destinados ao uso dos fregueses, máis van seguir sendo da igrexa católica, como así é dende tempos inmemoriais.

Nós pensamos que si nos inventarios municipais non constan eses bens e porque non son do concello e por outra banda saben a cantidade de cartos que pode custar este tipo de investigación?

Por todo o dito, pedimos ao grupo socialista que voten en consecuencia, xa que esta labor de investigación non nos vai levar a ningunha parte e pode custar moito tempo e moitos euros de perda para o concello, e no caso de que aparecera algún ben nunca serían para as arcas municipais, senón para as parroquias, por iso pedimos ao BNG que o fagan eles cos seus cartos.

A Sra. Alcaldesa di van a votar a favor, entendemos que si esta investigación fose lesiva para o concello e supuxese un grave risco para as arcas municipais non supoñería un problema para o concelleiro do BNG ver que formato se lle pode dar e facer o que a lei nos permita.

O Goberno Estatal aprobou un listado de todos eses bens rexistrados e abre un prazo para que as administracións leven a cabo unha pequena labor de investigación.

Nesta moción, o concelleiro do BNG, fala de sete propiedades no noso concello, entón supoño que non debería ser moi gravosa.

O voceiro do grupo BNG di que toda esta investigación xa esta feita, pero fíxoala a igrexa. Léolles os bens que inscribiu a igrexa en Guitiriz segundo a publicación de deu a coñecer o goberno central, son as seguintes:

-Pertencentes a Diocese de Lugo: en Pedrafita, unha finca sobre a que existen doce edificacións para usos relixiosos.

-Pertencentes a Diocese Mondoñedo-Ferrol : na parroquia das Negradas, dous edificios empregados para usos relixiosos; na parroquia de Lagostelle, unha finca de 57,99 areas

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

(chousa do Penedo) que é onde está o cemiterio e no Campo da Feira a casa do párroco; na parroquia de Roca, o curro xunto o cemiterio parroquial; na parroquia de Buriz, a Cortiña da Agra, finca rústica de 5,45 areas; na parroquia dos Vilares o campo da igrexa.

O que todo o mundo entende é que son apropiacións indebidas da igrexa. Por que a igrexa nunca tivo escritura deses terreos?, quen arranxa eses campos?.

Por exemplo onde vive o cura non paga IBI, todo o mundo o ten que pagar, si fóra deles terían que pagar.

Na segunda quenda o voceiro do grupo PP di que a CIGA, CCOO e UXT tampouco pagan o IBI e creo que as sedes dos partidos políticos tampouco pagan o IBI.

Vostede fala do campo da festa dos Vilares, unha cousa é que sexa de uso público e outra que sexa propiedade da igrexa, e tal que é así que ata os cruceiros están postos nel. O que ten que demostrar con papeis é que ese campo da festa pertence aos veciños/as.

Estou case seguro que onde esta o hoxe o Cuartel da Garda Civil foi no seu día unha carballeira ou un souto pertencente a igrexa e apareceu en mans doutros.

Na segunda quenda a Sra. Alcaldesa di que onde esta hoxe o Cuartel da Garda Civil é un terreo que cedeu o concello sendo Carlos Tome alcalde para que se fixera alí o cuartel.

O voceiro do grupo BNG di que trátase de facer unha investigación dos bens que escribiu a igrexa ao seu nome. Por que non os escribiu antes si eran propiedade dela?. O que esta claro e que si non son do concello ninguén llos vai levar a igrexa.

Sometido o asunto a votación é aprobado por 8 votos a favor dos grupos PSOE e BNG, e 5 abstencións do grupo PP.

Moción do grupo PSOE para reclamar á Xunta de Galicia que garanta as familias usuarias do CEIP de Baamonde os dereitos recoñecidos na lexislación vixente. Expediente 283/2021.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA QUE GARANTA ÁS FAMILIAS USUARIAS DO CEIP DE BAAMONDE OS DEREITOS QUE LLE SON RECOÑECIDOS NA LEXISLACIÓN VIXENTE

Dende o pasado mes de decembro, no que se fixo pública a decisión unilateral do Alcalde de Begonte de pechar o centro educativo, no que estudan 30 nenos e nenas dos cales a metade forman parte de familias residentes no noso Concello, e ceder o edificio público do colexio a unha entidade privada que o convertería nun conservatorio de música; esas familias atópanse desprotexidas e totalmente desinformadas, sen que por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, ninguén se interese por reunirse e dar información veraz acerca da situación deses nenos e nenas de cara ó vindeiro curso 2021/2022.

A pesar das protestas dos pais e nais, do respaldo dos veciños e veciñas, e das peticións de información formuladas dende o Pleno da Deputación ou dende o

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Parlamento de Galicia, nin o Alcalde de Begonte, nin o Conselleiro de Educación ofreceron información satisfactoria sobre o suposto proxecto. O pasado día 4 de febreiro nunha reunión mantida pola alcaldesa deste Concello có delegado da Xunta en Lugo, Javier Arias, este trasladoulle a información de que a Consellería aínda non tiña tomada unha decisión a este respecto, pero a Consellería, parece traballar agora ó ditado do Alcalde. O pasado 11 de marzo nunhas declaracións feitas nunha emisora de radio polo delegado Javier Arias, manifesta que se ía a levar a cabo este peche porque os alcaldes son os que mellor coñecen as necesidades dos seus veciños e veciñas, pois ninguén falou coa alcaldesa de Guitiriz para saber das necesidades das familias de Guitiriz, que levan os seus nenos ó CEIP que se quere pechar. Non se entende que sexa o alcalde dun Concello, os responsables dunha Consellería, ou o delegado da Xunta en Lugo os que decidan polas familias do noso Concello cal é a mellor opción educativa para os seus fillos e fillas, supoñemos nós que sobre os seus son eles os que toman as decisións que lles parecen máis adecuadas.

Tampouco ten moito sentido, si é veraz a información que lle facilitou o delegado da Xunta o Señor Javier Arias na reunión mantida coa Alcaldesa do noso Concello o pasado día 4 de febreiro, dicindo que a decisión non estaba tomada, como é posible que no escrito enviado como contestación ó remitido pola ANPA de Baamonde o pasado 5 de marzo, apareza a fecha do 23 de decembro, que é isto un erro? Unha tomadura de pelo ás familias?.

O punto 2 do mencionado escrito di literalmente: "Para o caso de que os pais implicados non desexen escolarizar ós seus fillos no CEIP Virxe do Corpiño de Begonte, poden presentar esas solicitudes no Centro que sexa do seu gusto, aínda que, tendo en conta que se son Centros dun Concello distinto, non terán dereito a transporte Escolar e terán que aboar a totalidade do importe correspondente ó Comedor Escolar". Pero isto non é así, porque como recoñeceu o Secretario Xeral Técnico da Consellería D. Manuel Vila López, no caso das familias que residen en Pígara, é dicir no noso Concello, non é así, dado que a Lei garántelles poder elixir un colexio situado no mesmo Concello onde eles residen e obriga a garántelles tanto o transporte ó Centro da súa elección, como o dereito ó comedor de xeito gratuíto. Que interese hai entón en non facilitarlles esta información na Carta remitida dende o Servicio Territorial da Inspección Educativa de Lugo. Porque o delegado da Xunta en Lugo informa da matriculación automática no CEIP Virxe do Corpiño de Begonte, ocultándolles as outras posibilidades que lles permite a lexislación vixente. Todo parece responder a intereses ocultos que non queren que coñezamos.

Sen entrar a valorar como é posible que un alcalde pida o peche dun centro educativo do seu Concello, o grupo municipal socialista de Guitiriz defenderá sempre todos e cada un dos servizos que temos no noso Concello e fará todo o posible para conseguir todos os Servizos Públicos universais, gratuítos e de calidade para todos os veciños e veciñas de Guitiriz. Este grupo municipal quere pedirlle ó pleno desta Corporación, que nos sumemos todos á defensa do rural, porque un rural sen servizos é un rural sen futuro, un rural sen capacidade para crear emprego nin atraer

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

poboación.

Rexeitamos a inacción da Xunta de Galicia e a actitude prepotente duns gobernantes que dende o primeiro momento non quixeron escoitar os veciños e veciñas, e que logo protagonizaron comportamentos inaceptables cara a veciñanza que declina os seus plans. Promover a convivencia e a cohesión social é a primeira obriga dun gobernante democrático, mais aínda nos pequenos núcleos de poboación, onde o trato é constante.

Por todo o exposto o Grupo Municipal Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que o Concello de Guitiriz solicite á Xunta de Galicia:

- Que garanta os dereitos que a Lei outorga ás familias do noso Concello, o dereito a ser informados de todas as súas posibilidades, e o dereito a unha educación de calidade para os seus fillos.
- Que garanta a continuidade das escolas existentes no medio rural e impulse un plan de traballos de mantemento e mellora das súas instalacións, dotacións de medios pedagóxicos e acceso do alumnado ás novas tecnoloxías.
- Que ofrezca información veraz a todas as familias usuarias do CEIP de Baamonde, de todo o proceso que se ven anunciando dende fai uns meses por parte do Alcalde do Concello de Begonte.

Aberto o debate pola Presidencia a Sra. Alcaldesa di que con todo este proceso houbo un escurantismo e unha falta de información cara as familias que me pareceu unha falta de respecto total e absoluto.

Sen entrar a valorar, si un colexio hai ou non que pechalo, eu dende logo nunca pediría que se pechara ningún colexio do meu concello o que si me parece é que si dende a Xunta de Galicia se considera que é o alcalde ou alcaldesa o que mellor coñece as necesidades do seu municipio e si a ese colexio van nenos/as deste concello, por que ninguén se interesou pola situación desas familias?. Dende o meu punto de visto foi todo mal feito e desorganizado, dende o principio púidose facer unha reunión coas familias para informalas e presentarlles un proxecto atractivo.

O voceiro do grupo PP di que Concello de Begonte conta con dous centros de educación primaria que entre os dous centros suman 63 alumnos/as, 15 son de Guitiriz quedando para os dous colexios de Begonte 38 alumnos/as. O Partido Popular de Guitiriz non ten inconveniente en pedirlle a Xunta parte do que vostedes relatan nesta moción e moito menos que se lles neguen dereitos aos nosos nenos/as de Pigara, pero sinceramente non cremos que teña moito que ver coa decisión do alcalde, que tampouco vai tirar co edificio, vaino dedicar a outro tipo de ensino.

Como expón nesta moción os nenos/as teñen acceso directo a outro centro do mesmo

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

concello ou de escoller outro, poden ir tanto a Guitiriz como Begonte, terán que solucionar o tema do transporte e comedor. Isto foi a explicación que se lles deu aos usuarios/as pero vostede insiste na des-información as familias afectadas sobre que opcións tiñan, se e así e dado que o peche era inminente, quen ten que informar no caso dos nenos/as de Pigara, como parroquia do noso concello?. É vostede quen ten que informalos de que hai dous centros de ensino de primaria, Guitiriz e Parga, tendo así dereito a comedor e transporte. Vostede no mes de setembro enviou un escrito pedindo a mobilidade deses nenos.

Intervén a alcaldesa para aclarar que o que se enviou en setembro foi un escrito pedindo o transporte para os/as nenos/as que están cursando xa a ESO en Guitiriz. Léollo: o concello de Guitiriz en nome das familias abaixo relacionadas, todas elas residentes na parroquia de Pigara, e con fillos/as cursando estudos obrigatorios de ESO en distintos niveis, solicitan transporte escolar para o centro que imparte devanditos estudos dentro do concello ao que pertence a súa parroquia de residencia, o IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz.

Vostede esta terxiversando os feitos, estas familias que teñen nenos que están en 3º ou 4º da ESO levan 3 ou 4 anos facendo o transporte pola súa conta, sen que ninguén os axudase, nin ningunha corporación municipal anterior nin a Consellaría de Educación.

Eu o 4 de febreiro reunime co Delegado da Xunta e pregunteille si había unha decisión tomada respecto a ese colexio e el díxome que non, si me din que non hai unha decisión tomada, a que tiña que ir eu a falar coas familias?

Eu non teño que informar dos dereitos educativos que teñen os/as nenos/as, non é a miña competencia, a competencia en educación tena a Xunta de Galicia e son eles os que teñen que informar as familias das distintas posibilidades que teñen e non mandar cartas amedrentando as familias.

Eu non estou solicitando nada para colexios doutros municipios, solicito para os meus colexios, que son os do rural, porque saiba vostede que si o meu pobo vai ben, vaille ir ben ao pobo do lado e viceversa, xa que isto do rural ten que ser un conxunto.

O que digo e que si a ese colexio van familias que son doutro concello ninguén pode mandar unha carta amedrentando, facéndolles ver que si non fan o que o alcalde di, e dicir, matricular automaticamente os/as nenos/as no CEIP de Begonte, van ter que pagar o seu transporte e comedor.

Que cada pai/nai decida que tipo de educación quere para os seus fillos/as pero eso si, coñecendo todas as posibilidades, isto é o único que estou a pedir.

Intervén o portavoz do PP para dicir que eles o que queren é que a esas familias se lles de solucións. Nós vamos votar a favor da moción, non imos ir en contra nin dos pais nin dos nenos/as e esperamos que se lles preste o servizo de comedor e transporte necesario.

Teño que dicir tamén que non creo que o alcalde amedrentara as familias dos nenos/as.

O voceiro do grupo BNG di que entendemos que os nenos/as de Baamonde e de Pigara saen moi prexudicados/as con esta situación, resulta inaudito que esta proposta fora feita polo propio alcalde e os seus compañeiros/as.

Polo que estou informado a min persoalmente chéirame a un pelotazo de altas dimensións, parece que os dereitos básicos das persoas impórtalles moi pouco.

Esta decisión inaudita implica deixar sin colexio a 14-15 nenos/as do concello e nin tan sequera se molestaron en falar cos pais e nais destes nenos e nenas, as desculpas que deu o rexedor para o peche e traslado dos alumnos/as son alucinantes.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Entendemos que esta persoa só defende os intereses “seus” e “dos seus” e non os intereses de quen o puxeron de alcalde.

Apoiamos todas as peticións que fai a alcaldesa de Guitiriz a Xunta de Galicia, porque sinceramente senón se garante os dereitos que a lei outorga as familias do noso concello, o dereito de ser informado de todas as súas posibilidades e o dereito dunha educación de calidade para os seus fillos/as, mal vamos e mal estamos.

Queremos que non se pechen as escolas e menos que estas se convertan nun negocio para os de sempre.

Que vai pasar cos nenos/as de Pigara se pechan o colexio?. Vannos obrigar a ir ao colexio de Begonte porque segue sendo algo mais preto que os colexios de Guitiriz ou lles van permitir que se matriculen na escola de Parga ou Guitiriz?. Que vai pasar con transporte destes nenos e nenas?, porque ata o de agora non tiñan dereito ao transporte ao propio concello. Xa ten planificado o alcalde de Begonte ou a Xunta o que van facer con estes nenos/as de Guitiriz?. Todas estas propostas xa tiñan que estar contestadas aos nosos veciños e veciñas de Pigara.

Xa para rematar, dicir que a xestión dun servizo público esencial como é o educativo non se pode e non se debe levar a cabo con criterios unicamente económicos, que é o que se esta a facer. As escolas ou centros educativos no contorno rural, ademais de ser un servizo público esencial son un elemento dinamizador e contribúen a manter e fixar poboación, así como facilitar a vida dos habitantes dos pobos axudando ao coñecemento e a integración do noso propio medio.

Remata a alcaldesa para dicir que por parte da inspección de Lugo houbo unha indicación ao CEIP Lagostelle de Guitiriz de que si chamaban familias de Pigara se lles indicase que si os matriculaban nese centro non ían ter nin transporte nin comedor.

Eu teño solicitada unha conversa telefónica co Conselleiro dende o 26 de febreiro e non recibín resposta. Ao final a base de insistir, a semana pasada logrei falar co Secretario Xeral da Consellaría que foi quen me confirmou que eses nenos/as tiñan dereito a pedir un colexio do seu concello, a comedor e transporte. Isto que me comentou o Secretario Xeral púxeno en coñecemento da ANPA do CEIP de Baamonde, pero nin dende a Consellaría nin dende o colexio se lle comunicou as familias que podían facelo así e só este luns cando faltaban 45 minutos para rematar o prazo de inscrición de reserva de praza a inspección dirixiuse ao centro de Guitiriz para dicirlle si tiñan ese dereito.

Non acabo de entender porque nos se lles comunicou as familias cales eran os seus dereitos.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

ROGOS

Rogos grupo PP:

1. Rogamos que na beirarrúa que hai diante de fotos Kantero se arranxen as fochancas que se acumulan.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

2. Se arranxe o anaco de beirarrúa ao carón do Centro de Saúde de Guitiriz.
3. Se arranxe as fochancas en Tralouteiro.
4. Houbo mais recollida dos colectores amarelos?. Rogamos que os contenedores de color amarelo se baleiren mais a miúdo.
5. Que se poñan mallas metálicas nas pontes da ruta da auga, esvarase moito.
6. Que nas beiras das pontes sexan protexidas con redes metálicas para evitar a caída dos nenos/as e de mascotas.
7. Rogamos que se distribúan axudas económicas as tendas ambulantes e chigres dos veciños/as empadroados no noso concello.
En canto a este rogo, a alcaldesa aclara que estes veciños/as que as solicitaron foron beneficiados das axudas que concedeu o concello, non estaban excluídos.

Rogos grupo BNG:

1. Se saneen os bancos de madeira que hai no concello, así como o hórreo que hai no Campo da Feira de Guitiriz.
2. Que se arranxen as estradas municipais. Por exemplo, de Campo Verde a San Cibrao, a estrada de Pigara que vai a Ferreira, a estrada de Drada a Labrada.
3. Que actúe canto antes no Curro Vello, as lousas do pavimento están soltas e rotas, a fonte ten pedras soltas, os contenedores soterrados seguen sen funcionar, o pavimento de pedra da Rúa do Carmen e Xermolos están totalmente rotas. Aproveitamos para facer unha suxestión para restaurar o hórreo que hai na Rúa do Hórreo e mirar de trasladalo a praza.
4. Que se poña un contenedor de vidro entre o Froiz e o bar Cisne.
5. Que actúe con algo mais de presa na recollida de plásticos agrícolas. Onte vin o de Sambreixo e Mariz en moi bo estado pero o resto están mal, o dos Vilares non hai por onde collelo. Habería que facer unha comunicación aos veciños/as para que non leven para alí os refugallos.
6. Se limpen os ríos e as rutas de sendeirismo de todo o concello e non so as mais usadas.
7. Que non adiante na paxina web do concello nin na prensa cuestións que se teñen que aprobar en Pleno, xa que unha cousa é a maioría absoluta e outra a absoluta prepotencia.

PREGUNTAS

Preguntas grupo PP:

Preguntas do Pleno anterior:

-Pode dicirnos algo sobre un escrito presentado o 24 de decembro por un veciño de Ansede?
Resposta: Ese día non hai presentado ningún escrito de ningún veciño de Ansede con respecto a reposición da legalidade urbanística. Hai presentado un escrito pero unha semana máis tarde por un veciño de Ansede e a ese escrito contestóuselle.

-Pódenos dar algunha explicación sobre os residuos dos puntos limpos?
Resposta: dous están moi ben e estamos no camiño cos outros para poñelos ben, seguiremos insistindo e concienciando a xente para conseguilo.

-A parte do presidente de protección civil, hai algún outro condutor para o vehículo de

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

protección civil?

Resposta: poden conducir o vehículo de protección civil oito dos voluntarios que dispoñen de carne de conducir xa que non é necesario ter ningún carne especial para conducir este tipo de vehículos.

-Pódenos facilitar copias das facturas detalladas dos meses de outubro e novembro de cada tarxeta do gasóleo?

Resposta: Preguntei si teñan dereito a elo e dinme que si, polo tanto deben presentar un escrito solicitándoas e nós facilitarémosllas.

-Cantos membros hai en Guitiriz en protección civil a día de hoxe?

Resposta: 10 voluntarios/as.

-Porque comezaron as obras da Casa da Botica na parte traseira e non apuntalaron a fachada como manda a normativa de construción?

Resposta: Esta pregunta xa a din por contestada no pleno anterior, xa lle dixen que non teño coñecementos técnicos.

Preguntas deste Pleno:

1)Pódenos dicir onde se atopa o reloxo que estaba na fachada da desaparecida Casa da Botica?

Resposta: custodiada pola Deputación de Lugo.

2) Hai algún escrito feito antes da desfeita da Casa da Botica entre vostedes e a Deputación de Lugo indicando a mala xestión administrativa, técnica e de inspección e control?

Resposta: Non

3) Porque vostede fixo oídos xordos aos repetidos rogos e peticións que facía o Partido Popular de Guitiriz sobre a Casa da Botica?

Resposta: Como a contratación da Casa da Botica é da Deputación vostedes, a través do seu grupo na Deputación, podían pescudar todas esas cousas.

4) Cantos condutores hai para o Centro de Día?. Pódenos dicir quen son?. Que horarios teñen?

Resposta: Hai dúas persoas que se encargan do transporte dos usuarios/as do Centro de Día. No seguinte pleno tráíolles os horarios e os nomes dos condutores e horario que fai cada un deles, mañá e tarde.

5) Qué contrato ten esa condutora do Centro de Día?

Resposta: Contéstolle no seguinte pleno

6) Os condutores están vacinados?

Resposta: Todo o persoal do Centro de Día creo que teñen posta a primeira dose.

7) Cantos traballadores/as están vacinados contra a Covid e a que servizos pertencen?

Resposta: Está vacinado o persoal que depende de servizos sociais (SAF, PAI e Centro de Día)

Pregunta o portavoz do PP, polo persoal de limpeza e respóndelle a alcaldesa que non sabe si o persoal de limpeza do colexio esta vacinado, si fose así foi a través do colexio. O persoal de limpeza do concello non esta vacinado.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

8) Que actuacións se fixeron na arqueta da Ponte Forxa xa que custou mais o modificado que o proxecto?

Resposta: Contéstolle no seguinte pleno

9) Está cuberta a excedencia dun traballador do GES?

Resposta: Non sei porque traballador me pregunta, hai varios en excedencia. No seguinte pleno dígolle cantos hai e si están cubertas.

10) Cantos servizos de arquitectura ten contratado o Concello?

Resposta: Temos contratos con distintos arquitectos/as e intentamos traballar con profesionais do concello, en función dos proxectos que van xurdindo contratamos a unha o a outra. Cando non hai ningún profesional do concello para levalo a cabo búscase un de fóra do concello

11) Vaise reparar a cuberta das gradas do campo de fútbol de Guitiriz?

Resposta: Arraxamos primeiro o que consideramos que era máis urxente.

12) Vemos unha reparación no camiño do Balneario de San Xoan, para que é esa pedra que se botou?

Resposta: Entendo que ese camiño non esta acabado.

13) Para que foi o gasto de 605 € de representación da Casa da Botica?

Resposta: Contéstolle no seguinte pleno.

14) En que situación se atopa o pantano?

Resposta: Esta enchéndose, procedemos a baleiralo igual que se fixo o ano pasado para limpar a parte de abaixo. Dende que en novembro de 2019 se puxo en funcionamento o bypass do pantano o núcleo de Guitiriz estase a abastecer da auga que procede directamente das captacións dos mananciais e non do pantano, solo se empregou a auga do pantano durante un mes no verán. Este ano debido as abundantes chuvias abriuse o pantano para renovar a auga do mesmo e mantivéronse as comportas abertas debido a que se detectou moito arrastre de sedimentos o que podía provocar que se depositaran no encoro. Unha vez remitida a época das chuvias procedese ao peche das mesmas, a recuperación do pantano é lenta pero vai aumentando xa que non se consume del, esperase que nesta primavera volva a estar ao 100%.

15) Parécelle normal que primeiro se arranxe o firme do camiño do Barreiro ao Balneario e logo se levante para colocar os tubos?

Resposta: O normal é que si se sabe que hai que colocar os tubos, que estes se coloquen antes de arranxar o camiño, pero si a necesidade xorde a posterior, e dicir, unha vez que esta arranxado haberá que colocalos igual.

16) Que nos pode dicir do punto de luz que saíu na prensa hoxe?

Resposta: Xa esta solucionado, cando fun coñecedora do acontecido púxeme en contacto con Begasa e viñeron a solucionalo hoxe pola maña.

17) Sabe desde cando esta constituída e quen manda na agrupación de voluntarios de protección civil?

Resposta: Dende cando esta constituída non o sei, sei que hai unha lei que regula o procedemento.

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Preguntas grupo BNG:

1) Pode dicirnos a toda a corporación e aos cidadáns que foi o que se fixo dende o día 26 de xaneiro, que se derrubou a Casa da Botica, ata o día de hoxe?

Resposta: Seica a Deputación ten algunha proposta e que en breve será unha decisión firme, e nese momento comunicaránolo para que o Concello teña o coñecemento diso, en canto nolo comuniquen, eu comunicareillo a vostede.

2) Cómo está o arranxo do camiño da Ponte do Barreiro de Montemeá? Saben que o camiño está cortado por mor da auga e por certas vallas colocadas polo Concello que anuncian obras, sen habelas?

Resposta: Había un proxecto presentado na Confederación Hidrográfica e esta ao final non deu autorización par facelo. Co novo proxecto hai que desviar o caudal e as empresas de construción que viñeron a velo para arranxalo, neste momento ven difícil facelo . Hai que esperar que baixe o caudal de auga.

3) Non sei se sabe que se están plantando eucaliptos en moitos prados e fincas de labradio do concello. Seguro que é coñecedora que segundo a Xunta de Galicia so se permite replantar eucaliptos onde xa os había. Está o concello ao tanto das novas plantacións? Van facer algo dende o concello ou van facer a vista gorda como fan dende a Xunta?

Resposta: O Concello non ten medios para controlar esas plantacións.

4) O 24 de setembro do 2020 na páxina web do concello publicouse un plan de actuacións para o arranxo de camiños municipais por un valor de 190.000€ do Plan Único da Deputación 2020. Están executados todos eses arranxos?

Resposta: Todos non, cando se adxudicaron o tempo non permitía levar a cabo as obras.

5) Ten o Concello de Guitiriz algún convenio co Concello de Begonte ou coa Confederación Hidrográfica?

Resposta: Co Concello de Begonte non e coa Confederación non o sei, mirareino e dígollo.

6) Como estiveron traballando os traballadores do Concello na limpeza do río Ladra no Concello de Begonte?

Resposta: O que fixemos foi colaborar cunha asociación de pesca dos veciños/as de Pígara e axudámoslles a limpar as beiras do río.

A colaboración pedírona para colaborar no Concello de Guitiriz. Preguntareille aos traballadores e contéstolle no seguinte Pleno.

7) Que sinte ao perder o servizo do GES en Guitiriz por mor da súa incapacidade de xestionalo e agora xa ten sede supra-municipal en Friol?

Resposta: Cando eu cheguei a este Concello xa non había GES, entón teño que dicir que eu non o perdín.

8) Sabe que están empezando a caer as madeiras na balconada da Casa Barxa? Cando se van a levar a cabo as reparacións aprobadas en pleno na outra lexislatura?

Resposta: Onte mandei arranxar o desprendemento que se produciu e xa temos un par de orzamentos para arranxar esa balconada.

9) Estase usando ou vaise usar o centro médico de Parga para vacinar contra a Covid 19?

Concello de Guitiriz





Concello de Guitiriz

Resposta: Non se está usando, non temos resposta do escrito que se enviou dende aquí por parte da Xerencia.

10) Esta está xa contestada, é a do encoro e xa comprobei que pouco lle falta par estar cheo.

11) Acabo de ver unha nova publicación do concello sobre o convenio de colaboración coa Academia Newton de Vilalba para a instalacións de paneis solares na piscina dos Sete Muiños.

Resposta: Non é para instalación, os alumnos/as da academia Newton fan unha formación sobre a instalación de placas solares e pedíronnos vir aquí para facer practicas e así renovar as proteccións e arranxar un panel etc.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 4KW4YY246CHKTM62WRWZ5NY6P | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 90 a 90